|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 13 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

A planta acumula unha produción de algo máis de 16,9 millóns de turismos e vehículos comerciais.

A fábrica de Vigo está considerada un dos alicerces básicos da economía galega e representa máis do 20% das exportacións da comunidade, sin considerar compoñentes.

Si á planta de Vigo lle sumamos compoñentes, representan o 31,2% das exportacións de Galicia. Segundo fonte (IGE e CEAGA), o valor das exportacións de Galicia ao peche do ano 2025, foi de 30.939 millóns de euros. O valor dos bens exportados por Stellantis+Compoñentes, foi de 9.650 millóns de euros.

A fábrica de Vigo xera un efecto tractor sobre a industria de compoñentes (máis de 200 empresas), levando á produción de compoñentes ao récord de exportacións no ano 2025, 2.300 millóns de euros.

Como nota, a área urbana de Vigo e a da provincia de Pontevedra, o sector da automoción representa o 44% de todo o que se vende no exterior.

En Galicia hai dous xigantes, no norte Inditex e no sur, Stellantis, con modelos moi distintos:

Estellantis exporta o que se produce fisicamente en Vigo, mentres que Inditex, si ben o cerebro está en Galicia, a maior parte do que se exporta, non se cose en Galicia, chega de outros países.

A produción de Pontevedra liderada por Stellantis, produciu 15.400 millóns de euros no ano 2025, mentres que a provincia de Coruña, liderada por Inditex, produciu 13.847 millóns de euros, representando o 60% de todo Galicia.

O volume exportado de Stellantis foi de 9.650 millóns, o de Inditex foi de 8.300 millóns de euros.

O peso de Stellantis + compoñentes nas exportacións foi do 31,2% de todo Galicia e o de Inditex foi do 27%.

En relación ás empresas de compoñentes, das 200, 160 son subministradoras de pezas e servizos, aínda que 110 son as que producen asentos, volantes, chasis ..), no entorno de Vigo.

| PSA PEUGEOT CITROËN VIGO (fonte: web groupe-psa 2025) |                                                                                                                                                                                  |                                                    |
|-------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------|
| Emprego                                               | 6.500 empregados                                                                                                                                                                 | 110 empresas proveedoras de compoñentes no entorno |
| Produción                                             | 555.266 vehículos ano, $\Delta$ 7%                                                                                                                                               | 2.320 vehículos día                                |
| Exportación                                           | 85% destinados a exportación. 20,00% da exportación de Galicia, excluído o ecosistema de provedores, se se inclúe os compoñentes, representa o 31,2% das exportacións de Galicia |                                                    |
| Facturación                                           | 6.800 millóns                                                                                                                                                                    |                                                    |

Fonte: web groupe-psa



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 14 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

Stellantis Vigo, produciu 555.266 unidades, o 57,9% da produción do Grupo Stellantis, o 24,41% da produción de vehículos en España.

Stellantis España (Vigo, Zaragoza e Madrid): 957.771 unidades, o 42,12% da produción total de vehículos en España.

Produción Total de vehículos en España no ano 2025: 2.274.026 unidades

Fonte (ANFAC).

Ao seu redor creouse unha rede de industrias auxiliares adicadas á fabricación de compoñentes de automoción e equipamento (depósitos, pinturas, asentos, salpicadeiros, volantes, airbag, cables, chapa, elementos de seguridade, maquinaria, matrices, moldes e outros).

Co fin de lograr unha cooperación entre fabricantes e para gañar competitividade, as firmas crearon no ano 1997 o Clúster de empresas do Automoción en Galicia (CEAGA).

Os datos aportados polo Clúster de empresas de automoción son os seguintes (web 2025):

- Número de empresas que conforman o clúster: 200, a empresa tractora e Stellantis Vigo), CTAG
- Número de empregos directos: 23.600, 14,1% do emprego industrial de Galicia.
- Facturación: 12.800 millóns de euros, que representa o 15,7 % do PIB de Galicia.
- Investimento no ano: 167 millóns.
- Exportación: 8.970 millóns de euros, representa o 29% das exportacións de Galicia.
- Stellantis en Vigo, un ano máis, é a fabrica de coches máis produtiva de España.
- O clúster fabrica máis do 21% de todos os vehículos producidos en España.

## VIGO, CIDADE TECNOLÓXIDA E CIENTÍFICA

Vigo, ao longo do presente exercicio, reforzou a súa posición como referente en innovación mediante a execución de proxectos de dixitalización urbana e o apoio a sectores emerxentes como a microelectrónica. A través da estratexia 'Vigo Vertical' e a colaboración cos centros tecnolóxicos (CTAG, Gradiant) e a Universidade, a entidade local promove un ecosistema que favorece a transferencia de coñecemento, a retención de talento e a modernización do tecido industrial cara a unha economía verde e dixital.

### 1. Hub de Innovación Dixital e Microelectrónica

Vigo lidera a aposta por converterse nun referente na cadea de valor dos semicondutores e a fotónica.

Memoria Conta Xeral 2025, Tesoreiro Director superior contable e orzamento, Expt: 452/143

15



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 15 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

- Vigo Semiconductor: Impulso á creación dun ecosistema de deseño de microchips, aproveitando o talento da Universidade de Vigo e centros como o CPTI (Centro de Proxectos Tecnolóxicos Industriais).
- Photonics Park: Proxecto para situar a Vigo na vangarda da fotónica aplicada á industria.

## 2. Mobilidade Intelixente e Sustentable (Smart City)

O concello implementou diversas capas tecnolóxicas para mellorar a eficiencia urbana:

- Plataforma de Smart City: Integración de sensores para a xestión do tráfico, a recollida de residuos e o control da calidade do aire.
- Mobilidade Vertical: O proxecto Vigo Vertical non é só urbanístico, senón que inclúe monitorización de fluxos peonís e sistemas de eficiencia enerxética en ascensores e ramplas mecánicas.
- Corredor 5G: Participación en proxectos europeos para o desenvolvemento de conducción autónoma e conectada no ámbito transfronteirizo (Vigo-Porto).

## 3. Apoio ao Emprendemento e Startup Ecosystem

- Vigo Tecnolóxico: Marca que aglutina os centros de investigación da Universidade de Vigo (como atlantTic ou CINBIO), especializados en TIC e Biomedicina.
- Business Factory Auto (BFA) e Food (BFF): Aceleradoras de proxectos de innovación que posicionan a Vigo como incubadora de empresas de alto valor engadido en sectores maduros.
- Zona Franca de Vigo: Como motor económico, os seus parques tecnolóxicos ( Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares, o Porto do Molle) son nodos de innovación onde se asenta o World Car Center.

## 4. Economía Azul e Innovación Mariña

- Blue Growth Vigo: Estratexia recoñecida pola UE que aplica a intelixencia artificial e o Big Data á xestión portuaria (Porto Verde e Intelixente).
- CIM (Centro de Investigación Mariña): Referente en biotecnoloxía mariña e estudos do cambio climático.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 16 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |



## 5. Campus do Mar e Investigación Científica

Vigo conta coa sede de organismos de relevancia nacional que achegan unha carga científica crucial á conta de resultados da cidade:

- Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC): Nova sede prevista na ETEA para potenciar a excelencia científica.
- ECIMAT: Estación de Ciencias Mariñas que sitúa á cidade no mapa internacional da investigación oceanográfica.

## 6. Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG)

- Investigación en Vehículo Autónomo: Vigo é pioneira grazas ás pistas de probas e laboratorios do CTAG en Valladares.
- Sustentabilidade: Desenvolvemento de novos materiais e propulsión eléctrica que posicionan á cidade nos fondos europeos Next Generation.

## 7. O Sector Téxtil de Alta Tecnoloxía

Valladares acolle a TexVigo, o clúster téxtil. Non se trata de confección tradicional, senón de:

- Téxtiles intelixentes: Innovación en tecidos con sensores ou propiedades técnicas para medicina e deporte.
- Loxística de precisión: Sistemas de radiofrecuencia (RFID) e automatización que son referentes internacionais.

## PORTO DE VIGO

O Porto de Vigo ten unha gran incidencia no desenvolvemento da cidade, representando un dos centros neurálxicos da economía viguesa, tanto polo número de toneladas transportadas como pola pesca capturada. Está a xogar un papel moi salientable na industria do automóbil e do granito, xa que, practicamente todo o transporte destes subsectores industriais faise vía marítima.

As exportacións feitas a través do Porto de Vigo, representan aproximadamente o 40 por 100 do valor exportado de toda Galicia, sendo Vigo a primeira cidade exportadora da Comunidade Autónoma. O Valor das exportacións feitas polo Porto de Vigo, representan máis dun 3 por 100 do total de España.

Converteuse nunha das principais portas de entrada de produtos ó mercado español e portugués, como avala o seu gran crecemento.

A iso tamén contribúe a súa boa comunicación cunha ampla rede viaria e de ferrocarrís, así como a súa proximidade con varios aeroportos.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 17 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

A autoestrada do Mar, comezou a súa andadura no ano 2015, con ruta entre Vigo e Nantes-Saint Nazaire, Vigo-Tanger Med, Vigo-Ellesmare Port (Liverpool), todas estas autoestradas están operadas polo Grupo Suardiaz.

Ademais das oficiais, Vigo mantén conexións que funcionan coa mesma dinámica que unha autoestrada, que son:

Ruta do Norte de Europa, con conexión con Zeebrugge-Bélxica, Bremerhaven-Alemania, operada polo Grupo Suardiaz.

Conexión con América: rutas mensuais e quincenais coa Costa Este de EE.UU e Golfo de México

A factoría PSA é, con diferenza, o principal cliente das liñas.

Táboa da actividade portuaria no ano 2025

| Concepto                           | Toneladas/pasaxeiros/cruceiros |
|------------------------------------|--------------------------------|
| Tráfico de mercadorías (toneladas) | 5.516.000,00                   |
| Pesca conxelada (toneladas)        | 640.763,00                     |
| Pesca fresca (toneladas)           | 29.264,00                      |
| Materiais de construción (granito) | 216.774,00                     |
| Vehículos , unidades               | 674.001,00                     |
| Pasaxeiros                         | 302.820,00                     |
| Cruceiros                          | 123,00                         |
| CIFRA DE NEGOCIO anual             | 36,4 millóns de euros          |

Fonte: Datos Ano 2025 (Autoridade Portuaria de Vigo)

Os automóviles, pesca conxelada e metais, son as mercadorías máis destacadas do tráfico portuario.

O Porto de Vigo abarca unha extensión aproximada de máis de 20 km e conta con máis de 9 km de peiraos de atracada. Ocupa un lugar destacado nas autoestradas do mar, con numerosas rutas regulares, ademais doutras liñas que unen o Porto de Vigo co resto do mundo.

No ano 2025 foi líder nacional en pesca fresca e en pesca conxelada, non so é líder absoluto en España, senón que é un nodo loxístico clave a nivel mundial.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 18 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

En automoción, foi peirao líder do atlántico norte peninsular, sendo a principal vía de saída para a produción de Stellantis e tamén un centro de distribución masiva para outras marcas (Toyota, BMV...)

A pedra natural e granito tanto en bruto como elaborado (primeiro de España en tráfico de granito), a conexión coas canteiras de Porriño o converten na saída natural a mercados internacionais, especialmente EE.UU e o Magreb.

A diferenza de outros peiraos que moven grandes volumes de carbón, petróleo, o de Vigo destaca polo valor da súa mercancía, o 92% da mercancía se move en contedores e vehículos, que xera un gran valor económico.

## CRUCEIROS

O turismo marítimo superou con creces a senda da prepandemia, 302.820 pasaxeiros no ano 2025, un 43,39% máis que no ano 2024.

O número de cruceiros que atracaron no porto de Vigo no ano 2025 foron 123, un 43,02% máis que no ano 2024, fronte aos 64 do ano 2019. (Fonte:Autoridade Portuaria de Vigo 2025).

## AEROPORTO Fonte ( AENA 2025).

O Aeroporto de Vigo, Peinador, conta con instalacións capaces de recibir a maior parte das aeronaves comerciais. Dende el operaron no ano 2025, as compañías: Iberia/Air Nostrum/Iberia Expres, Air Europa, Ryanair, Binter Canarias e Vueling Airlines.

As conexións dende o aeroporto de Vigo foron no ano 2025:

Troncais con: Madrid, Barcelona, Gran Canaria, Tenerife Norte.

Estacionais: Palma de Mallorca, Menorca, Ibiza, Santander, Lanzarote.

Chárteres puntuais: Londres, Dublín.

As cifras do ano 2025 do Aeroporto de Vigo poñen de manifesto que están superadas as operacións e viaxeiros que tiña esta infraestrutura antes da crise Covid19.

Datos salientables da actividade no ano 2025:

Nº de movementos de aeronaves: 12.511.

Nº de Operacións comerciais: 9.440.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 19 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

Nacionais: 8.469.

Internacionais: 971.

Resto de operacións: 3.071.

Pasaxeiros: 1.114.810, nacionais.

Pasaxeiros comerciais: 1.112.661.

Nacionais 1.059.709.

Internacionais 52.952.

Resto non comerciais

Mercadorías:421 toneladas.

En canto á comparativa de pasaxeiros en relación co ano 2019, no ano 2025, foi superior nun 10,17%.

#### Datos relevantes.

O transporte en xeral e o aéreo en particular, foi un dos sectores máis afectados pola crise sanitaria e agora mesmo, por outras causas: o conflito bélico entre Rusia e Ucraína, xunto co de Israel-Gaza, Conflito en Oriente Medio, a alza no prezo dos combustibles, a propia inestabilidade económica xerada polo imposición de aranceis, o crecemento sostible dos prezos e o aumento nos custes dos xuros, son os factores máis determinantes na evolución da economía no ano 2025.

#### Obxectivos para o ano 2026.

Internacional.

Recuperar o enlace coa capital británica.

París, Milán e Roma.

Nacional.

Sevilla, Málaga e Valencia.

Alicante e Baleares, ampliar a ventá de operacións máis aló dos meses de xullo e agosto.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 20 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

Táboa de usos

(Fonte de Datos: 2025 AENA)

| Ano  | Pasaxeiros |
|------|------------|
| 2007 | 1.405.777  |
| 2008 | 1.278.575  |
| 2009 | 1.103.280  |
| 2010 | 1.093.206  |
| 2011 | 976.057    |
| 2012 | 828.715    |
| 2013 | 678.711    |
| 2014 | 680.387    |
| 2015 | 712.804    |
| 2016 | 953.472    |
| 2017 | 1.065.595  |
| 2018 | 1.129.689  |
| 2019 | 1.011.878  |
| 2020 | 303.466    |
| 2021 | 594.094    |
| 2022 | 953.261    |
| 2023 | 1.136.157  |
| 2024 | 1.058.529  |
| 2025 | 1.114.810  |



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 21 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

**TURISMO VIGO** (fonte INE)

Nº de turistas do ano 2025, 529.375, dos que 332.670 son nacionais e 196.705 estranxeiros.

Pernotacións : 902.301, das que 580.008 son nacionais e 322.293 estranxeiros.

Os Turistas da Provincia de Pontevedra foron no ano 2025: 1.796.183.

Pernotacións da provincia, 3.664.269.

Galicia: Turistas, 5.351.978.

Pernotacións, 9.845.825.

Vigo representa o 29,47% do total da Provincia e un 9,89% do total de Galicia.

En turismo nacional, por orde de importancia, as comunidades que máis visitou a cidade son: Galicia, un 53,05%, Madrid, un 16,67%, Castilla León, un 6,39, Cataluña, un 3,87%, Andalucía, 3,22%.

En turismo estranxeiro, a orde por países é: Portugal, un 26,73%, Francia, 12,88%, Alemania un 8,92%, Países Baixos, 7,58%, EEUU, 7,05%

A estancia media foi de 2,1 noites por viaxeiro en hoteis.

**CONSORCIO DA ZONA FRANCA**

A cidade posúe dende 1947 unha das cinco Zonas Francas Españolas, o Consorcio da Zona Franca é a institución pública que se encarga da súa explotación e administración, así mesmo actúa como Axencia de Desenvolvemento Local en proxectos de infraestruturas empresarias, servizos a empresas e intervencións urbanas.

O motivo da existencia da Zona Franca é o facilitar a operatividade ás empresas que utilizan o seu espazo e favorecer a atracción de investidores estranxeiros. Ademais, as mercadorías depositadas nunha Zona Franca poden permanecer alí por tempo ilimitado, sen estar sometidas a gravames e a medidas de política comercial.

**Escudo Industrial de Vigo**

O Consorcio da Zona Franca de Vigo, promove parques empresariais, industriais e tecnolóxicos, desenvolvemento de actividade comercial como é a do Centro Comercial a Laxe así como a explotación dalgúns aparcadoiros soterrados da cidade.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 22 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

Como centros tecnolóxicos e empresariais pódese citar: Polígono de Balaidos, o corazón da automoción, Polígono Industrial da Granxa en Porriño, o Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo (PTL) en Valadares, Parque Empresarial e Terciario Porto do Molle en Nigrán (para usos terciarios e de lecer). Ademais deses parques, están en desenvolvemento os correspondentes á Plataforma Loxístico-Industrial de Salvaterra-As Neves (Plisan); o Parque Empresarial de Comesaña-Matamá-Valadares, dedicado a empresas de alto valor engadido; e unha ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo (PTL).

#### Innovación e emprendemento

VíaGalicia: Aceleradora que impulsa centos de startyps.

Aceleradora do Sector Alimentario: adicada á modernización da industria conserveira e pesqueira.

World Ocean Center: Proxecto que sitúa a Vigo como capital mundial da economía Azul.

#### Impacto económico e Xeración de riqueza

O Consorcio é o termómetro da economía galega a través do seu servizo de intelixencia empresarial ARDAN, que é un centro de información sintetizada:

Concentración de Facturación: A área de influencia de Vigo concentra o 25,6% da facturación empresarial de Galicia.

Densidade empresarial: Vigo aglutina o 19% das empresas galegas.

Achega ao PIB: O ecosistema dá Zona Franca sostén máis de 20.000 empregos directos. So en eventos tractores como Conxemar entre outros, aportan ata o 0,5% do PIB rexional.

#### Proxectos tractores e investimentos estratéxicos

SPARC (Chisps Fotónicos): Investimento para planta de semicondutores no PTL, que sitúa a Vigo na vangarda da microelectrónica.

Vigo TIC Global HUB: Rehabilitación do edificio en López Mora para albergar o centro de excelencia de Indra e a incubadora StarTIC, cun investimento plurianual que superará os 15 millóns de euros.

Transformación Urbana: Proxecto de rehabilitación da Panificadora como centro de negocios.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/04/2026 10:17

Páxina 23 de 146

452-143

CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Inversión estratéxica na ETEA.

Convenio de colaboración: A sinatura do convenio asinado co Concello de Vigo polo que o Consorcio se compromete a unha achega de 15,2 millóns de euros.

Obxectivo de investimento: A achega destinarase principalmente a humanización de accesos, aparcamento subterráneo e en superficie e infraestruturas imprescindibles para o Campus do Mar.

Achega de Chan e edificios: O Consorcio cedeu en fases anteriores edificios emblemáticos como: Faraday, Siemens, Morse, Sede do CSIC a UVIGO e ao Instituto de Investigacións Mariñas.

Cesións de espazos de uso xeral ao cidadá e a creación dunha residencia de maiores.

En resumen, se podería dicir, que o CZFV, actúa como pulmón financeiro e loxístico que garante a sostibilidade de sectores estratéxicos da cidade: automoción, sector naval.

Na vertente científica: personifica a transformación da ETEA nun HUB mariño de referencia mundial, situando a cidade na vangarda do coñecemento oceánico

## UNIVERSIDADE

Creada en 1990, a última edición do ranking internacional de The Center for World University Rankings (CWUR) 2024-2025, sitúa á UVIGO no posto 811 dos 20.996 centros de estudo avaliados pola organización. Isto tradúcese na 27ª posición dentro do territorio nacional.

A nivel estatal, a primeira é a Universidade Autónoma de Barcelona (126), seguida pola Universidade de Barcelona (136) e 3ª de España, a Complutense de Madrid (253), Universidade de Valencia (298), 4ª de España e a Autónoma de Madrid (310) e 5ª de España.

185 Grupos de investigación. 200 patentes

Valor da Institución:

Excelencia en Investigación: É o piar mais forte da UVIGO, no sub-ranking de investigación (Research-Rank), ascende ao posto 772 mundial, mellorando a posición do ano anterior.

Especialización en sectores estratéxicos: A UVIGO, destaca internacionalmente en áreas como Oceanografía e Ciencias dos Alimentos, onde aparece en postos significativamente máis altos en rankings sectoriais (como o de Shanghai por materiais).



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 24 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |



Infraestrutura de Innovación: Conta con centros de referencia como o CIM (Centro de Investigacións Mariñas), con máis de 240 profesionais traballando, dos que 170 son investigadores, o CIMBIO ( Centro de Investigacións Biomédicas), no que traballan arredor de 210 profesionais que conforman 14 grupos de investigación e o Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC), cunha plantilla de máis de 190 profesionais con 50 científicos.

Campus de Excelencia: Pose o selo de Campus do Mar, un proxecto transfronterizo que lidera a investigación mariña no nordeste peninsular.

Estudantado e Oferta: Xestiona tres campus (Vigo; Ourense e Pontevedra), cunha comunidade de aproximadamente 20.000 estudantes e unha oferta que supera os 120 programas de grao e postgrao.

Dende o ano 2010, o Campus de Excelencia Internacional - Campus do Mar (CDM), liderado pola Universidade de Vigo e promovido tamén polas universidades de Santiago de Compostela e A Coruña, o Consello Superior de Investigacións Científicas e o Instituto Español de Oceanografía, é un campus transfronteirizo que conta, ademais, coas universidades portuguesas de Aveiro, Minho, Porto, Coimbra, Tras Os Montes e Alto Douro, os institutos politécnicos de Leiría, Porto e Viana do Castelo e que, xunto ás plataformas e centros tecnolóxicos, agrega aos axentes investigadores e socioeconómicos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal relacionados co ámbito mariño. A agrupación de I+D+i do Campus do Mar congrega a máis de 3.000 investigadores e investigadoras pertencentes a 25 institucións, 1.400 doutores e doutoras, que suman máis de 10.500 traballos de investigación publicados, máis de 600 teses doutorais e máis de 6.000 proxectos de investigación ao longo do últimos cinco anos.

Ademais, a cidade foi designada como sé da Axencia Europea da Pesca.

É un dos símbolos da economía viguesa, que impulsa o desenvolvemento sostible do territorio e o tecido socioeconómico da rexión.

A Universidade de Vigo inaugurou a súa nova sede institucional no Berbés que busca ser o novo punto de conexión entre a institución e a cidade nunha nova estratexia de crecer dentro da propia urbe.

Nesta estratexia de conexión, a UVIGO fixo varios intentos para trasladar varias titulacións ao centro da cidade.

Está desenvolvendo apoios institucionais aglutinados ao redor do proxecto de creación dun polo TIC e de innovación dixital, cun alto compoñente de Intelixencia Artificial e que servirá de apoio ao tecido empresarial que facilitará o crecemento e dinamización das empresas do sector.

En esa liña de creación de intelixencia, a UVIGO impulsa un instituto de investigación de física y tecnoloxía aeroespacial en Ourense.

Fontes consultadas: IGE, INE, CZFV, ARDÁN, PORTO DE VIGO, AENA, UVIGO, CEAGA, GRUPOS PSA, ASOCIACIÓN GALEGA DE GRANITEIROS, CLÚSTER DO NAVAL GALEGO)



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 25 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

### 1.2) Norma de creación da entidade

Os Municipios son entidades básicas da organización territorial do Estado e canles inmediatos de participación cidadá nos asuntos públicos, que institucionalizan e xestionan con autonomía os intereses propios das correspondentes colectividade. Trátase dunha entidade básica da organización territorial do Estado, conforma un canle inmediato de participación da cidadanía nos asuntos públicos.

Na súa calidade de administración pública, e dentro da esfera das súas competencias, ten as potestades que regula o artigo 4 da LBRL. Dela depende o Organismo Autónomo e Fundacións que máis adiante se relacionan, que conforman o Grupo Concello de Vigo para a consolidación.

### 1.3) Actividade principal da Entidade

As competencias que conforman a súa actividade son as previstas no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, tendo en conta a modificación operada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e Sustentabilidade da administración Local (LARSAL). Serve con obxectividade os intereses públicos que lles están encomendados e actúa de acordo cos principios de eficacia, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao dereito.

### 1.4) Principais fontes de ingresos

A entidade nítrese, basicamente, dos seus impostos, taxas, prezos públicos e os aproveitamentos do solo, da cesión de rendementos recadatorios de impostos estatais, da participación no fondo complementario de financiamento e da participación nos ingresos da Comunidade Autónoma.

A participación nos ingresos do Estado constitúe unha das principais liñas de ingresos, en consecuencia, as variacións do PIB, están a ter un impacto relevante nesta participación e consecuentemente, na sostibilidade orzamentaria e financeira do Concello de Vigo.

- **Cesión de tributos, Transferencias e Subvencións correntes doutras Administracións.**

O Concello de Vigo por poboación, está incluído no ámbito subxectivo regulado no artigo 111 TRLRHL, de tal xeito que os municipios que sexan capitais de provincia ou de comunidade autónoma ou que teñan poboación de dereito igual ou superior a 75.000 habitantes, teñen participación na cesión de determinados impostos recadados no seu ámbito territorial, Imposto Rendemento das Persoas Físicas, Imposto sobre o Valor Engadido e Impostos Especiais (Sobre o tabaco, Cervexa, Hidrocarburos e produtos intermedios), e ademais, teñen un complemento de financiamento co denominado Fondo Complementario de Financiamento.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 26 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

**Administración Central.** Os rendementos de impostos estatais cedidos (IRPF, IVE e II.EE) e o fondo complementario de financiamento, son recursos non condicionados, é dicir, poden ser destinados a financiar calquera emprego no exercicio das competencias reguladas no artigo 25 e 26 da Lei de Bases de Réxime Local. Hai outros ingresos condicionados, como a subvención ao transporte, Plan nacional de drogas, inserción laboral a mulleres por violencia de xénero e outros, que os recursos só poden ser aplicados a esa finalidade.

A análise faise en termos de liquidación consolidada dos entes con orzamento limitativo, que neste caso, o perímetro o constitúe o Concello de Vigo e a Xerencia Municipal de Urbanismo (As fundacións que forman parte do perímetro de consolidación non son receptoras de estes recursos).

Os recursos correntes non financeiros dos estados consolidados, están axustados en negativo cos ingresos por contribucións especiais de incendios, convenio de UNESPA.

As entregas a conta do ano 2025, foron aplicadas polos seus importes íntegros.

Aos ingresos correntes consolidados dedúcese as CE.

**Ingresos da Administración Central en termos consolidados, entes con orzamento limitativo (recadación):**

| Concepto                                        | Importe        | Compens. L/2008-2009-2020 | Recursos C. N.F | Fórmula (R.C.N.F)        | % S/ R. Correntes |
|-------------------------------------------------|----------------|---------------------------|-----------------|--------------------------|-------------------|
| Cesión IRPF (1)*                                | 9.726.767,58   | ,00                       | 9.726.767,58    |                          | 3,04%             |
| Cesión IVE (2)*                                 | 6.752.394,38   | ,00                       | 6.752.394,38    |                          | 2,11%             |
| Cesión II.EE (3)*                               | 1.503.775,26   | ,00                       | 1.503.775,26    |                          | 0,47%             |
| Liquidación definitiva PIE 2023,cap.1 e 2 (4)   | 476.902,77     | ,00                       | 476.902,77      |                          | 0,15%             |
| Total Cesión (5) = (1)+(2)+(3)+(4), Non condi.  | 18.459.839,99  | ,00                       | 18.459.839,99   | (5) / Ingresos correntes | 5,77%             |
| FCF, (6)                                        | 95.318.722,22  | ,00                       | 95.318.722,22   | (6) / Ingresos correntes | 29,81%            |
| Liquidación definitiva PIE 2023 , cap 4 (7)     | 7.468.649,56   | ,00                       | 7.468.649,56    |                          | 2,34%             |
| Total Cesión e FCF (8) = (5)+(6)+(7), non cond. | 121.247.211,77 | ,00                       | 121.247.211,77  | (7) / Ingresos correntes | 37,92%            |
| Transferencia reintegro liquidación N. 2020 (9) | ,00            | ,00                       | ,00             |                          |                   |
| Bonificación TUC,30%, MITMA (10), condici.      | 1.801.020,01   | ,00                       | 1.801.020,01    |                          | 0,56%             |
| Subvención ordinaria ao TUC (11)                | ,00            | ,00                       | ,00             |                          | 0,00%             |
| Outras subvencións condicionadas (12), condic.  | 392.014,43     | ,00                       | 392.014,43      |                          | 0,12%             |
| T. in Estado (13) = (7)+(8)+(9)+(10)+(11)+(12)) | 123.440.246,21 | ,00                       | 123.440.246,21  | (10) / R. correntes.N.F  | 38,61%            |
| Recursos correntes N. Financeiros E.Cons.       |                |                           | 319.711.853,41  |                          |                   |

En estas contías non están incluídas ou deducidas as correspondentes á Liquidación do 2023, establecéndose unha liña concreta



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 27 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| X M. Urbanismo | 35,99%                                                                                   | 32,84% | 62,70% | 57,66% | 58,23% | 55,65% | 63,89% | 63,86% | 32,17% | 49,45% | 77,06% | 71,75% | 77,81% | 70,64% | 70,42% | 61,30% |

- **Grupo de consolidación**

Aos efectos de aplicación do Regulamento Nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio (SEC-2010), relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea, o perímetro de consolidación no ano 2025 está constituído pola Entidade Local, o Organismo Autónomo XMU, as Fundacións: CONVENTION BUREAU, MARCO e LISTE.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 41 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

A consolidación contable aos efectos da Conta Xeral, está conformada polos entes con orzamento limitativo, e os estados obxecto de consolidación son os regulamentados na orde HAC/836/2021, de 9 de xullo, pola que se aproban las normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público local: Balance, Conta de Resultado Económico Patrimonial, Estado de Cambios no Patrimonio Neto, Estado de Ingresos e Gastos Recoñecidos, Estado de Fluxos de efectivo, Estado de corrente e pechados da Liquidación de gastos e ingresos por capítulos e Resultado Orzamentario.

### ***Outras entidades***

No ámbito territorial do Concello, existe tamén unha Entidade Menor: "Entidade Menor de Bembrive". O Concello ten asinado un convenio en canto ao financiamento, sendo as transferencias feitas no ano 2025 por unha contía de 319.918,82 euros. O Concello recada os impostos e taxas no territorio da Entidade Menor e asume todo o custe de mantemento de infraestruturas e presta os mesmos servizos que para o resto do territorio.

### ***Entidades Públicas nas que participa a Entidade Local e a súa actividade.***

**Mancomunidad de Municipios da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV)**, creouse no ano 1993, compúñase dos municipios de Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo. Causaron baixa no ano 2012, Baiona e Nigrán. No ano 2014 Porriño e Salvaterra. Os seus órganos de goberno son o Pleno: constituído polos Srs. Concelleiros, e a Comisión de Goberno: conformada por todos os Alcaldes e o Presidente.

As achegas de transferencias ordinarias durante o ano 2025 totalizan 176.386,20 euros, que corresponden á achega ordinaria, que xira sobre a poboación de cada un dos municipios que a conforman. No ano 2018, o Pleno da MAIV, reduciu o financiamento que estaba en 0,9 euros a 0,6 euros por habitante.

A Lei 4/2012, de 12 de abril, da área Metropolitana de Vigo en vigor, posibilitou a constitución da mesma, aínda que tal acto foi suspendido polo Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo.

**Consortio Casco Vello de Vigo**, foi creado no ano 2005, ten como fins o de desenvolver de acordo coas previsións do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Vello de Vigo, unha serie de actuacións e intervencións que contribuirán ao proceso de recuperación da súa Área de Rehabilitación Integrada, mediante a adquisición de terreos ou adquisición de vivendas e a súa posterior rehabilitación. Inicialmente, foron socios do Consortio: o Instituto Galego de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, o Consortio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo. Con posterioridade, o Consello de Administración adoptou o acordo polo que a Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia se subrogaba na posición de socio que correspondía ao CZFV, sendo a participación actual da Consellería de Vivenda do 90 por 100, e o 10 por 100 restante, do Concello de Vigo.

Memoria Conta Xeral 2025, Tesoreiro Director superior contable e orzamento, Expt: 452/143

42



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 42 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

A súa organización a conforma a Presidencia, o Consello de Administración, o Consello Consultivo, o Comité Executivo e a Xerencia. A vixencia do mesmo estaba prevista ata o 31 de decembro do ano 2017, que volveu a ser prorrogada até o 31/12/2025. Unha vez que se fixeron as achegas iniciais, o financiamento do mesmo é con cargo as vendas dos inmóbeis que rehabilita. No entanto, por acordo das partes mediante outro convenio, se veñen facendo achegas adicionais, no ano 2025 fíxose unha transferencia de capital por unha contía de 44.444,00 euros.

**Empresa de Servizos Mortuorios.** O Concello ten unha participación minoritaria do 10 por 100. Inicialmente existía unha empresa mixta como forma de xestión indirecta, no entanto, a partires da liberalización do servizo pola entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 7/1996, de 7 de xuño, transformouse a forma de prestación do servizo, e a Entidade Local quedouse coa porcentaxe de capital citado. A nova forma xurídica créase o 27/09/2001. A participación é consecuencia da transformación da sociedade mercantil, e non supuxo desembolso algún con cargo ao orzamento da Entidade Local.

No ano 2025, a entrega de dividendos recibida foi por unha contía de 128.849 euros. Hai que comprobar si esta empresa está suxeita a algún canon por ocupación e se o mesmo se está a ingresar.

**Sociedade Universitaria SA.** Tamén se mantén unha participación minoritaria do 1,37 por 100 no capital da Sociedade, sendo o importe desta participación de 50.726,25 euros. O obxecto social desta sociedade mercantil é a xestión da cidade universitaria de Vigo.

#### ***Fundacións nas que a Entidade Local forma Parte do Patronato***

**Museo de Arte Contemporánea (MARCO):** Fundación de tipo cultural, creada o 22/10/2002, cunha achega ao capital fundacional de 6.010,12 euros, que representa o 25% de mesmo. As transferencias feitas no ano 2025 foron de 750.000,00 euros por recursos correntes. O obxecto da Fundación é a xestión do Museo, ten a súa sé social na Rúa do Príncipe, nº 24. A fundación pertence ao grupo de consolidación.

**Fundación Vigo en Deporte (VIDE):** de tipo deportiva, creada o 19/11/2001, o capital aportado foi de 12.020,24 euros, que representa o 3,85 por 100 do mesmo. No ano 2025, as transferencias foron de 125.000,00 euros. O obxecto da Fundación é a xestión e coordinación da actividade deportiva dos clubs da cidade. A súa sé social está na avenida de Castrelos nº 1, e un consorcio dependente, aínda que non pertence ao grupo de consolidación.

**Fundación Liste:** de tipo cultural, museo permanente. Foi creada o 15/06/1999. A achega municipal foi de 30.050,60 euros, que representa o 2,17 por 100 do seu capital. A contía das transferencias anuais foron de 125.000 euros. A súa sé social está na Rúa Pastora nº 22. O seu obxecto social é o de protección do patrimonio histórico artístico, e un consorcio dependente, aínda que non pertence ao grupo de consolidación.



Copia do documento - Concello de Vigo

452-143

Data impresión: 27/04/2026 10:17

Páxina 43 de 146

CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**Fundación Laxeiro:** de tipo cultural, museo permanente. O Concello non ten achega fundacional, pero forma parte do Patronato. Foi creada o 17/11/1997, ten a súa sé social na Rúa Policarpo Sanz. As transferencias correntes a cargo do orzamento da Entidade Local no ano 2025 foron de 95.000,00 euros. O seu obxecto social é a xestión e promoción do legado do Pintor Laxeiro, e un consorcio dependente, aínda que non pertence ao grupo de consolidación.

**Fundación Provigo:** creada o 28/05/1992. O seu obxecto social é de tipo investigador e técnico, tanto sobre a cidade como do seu interland, para a promoción e revitalización do seu ámbito. A participación no capital fundacional é dun 14,29 por 100, que representa unha contía de 6.010,12 euros. Ten a súa sé social na Praza de Compostela, nº 22 Baixo. As transferencias feitas durante o ano 2025 á fundación foron por unha contía de 48.061,00 euros.

**Instituto Feiral de Cotogrande:** Fundación organizadora de feiras e congresos. A participación do Concello foi a cesión orixinal do local onde desenvolve a actividade, dende entón, tódalas reformas, ampliacións e todo tipo de investimentos correron a cargo da Consellería de Industria da Xunta de Galicia como socio que pertence ao Patronato, sendo a expropiación do chan nos procesos de ampliación, a cargo do Concello. Non hai transferencias a favor desta Fundación. Ten a súa sé social na Avenida do Aeroporto, Cotogrande.

**Fundación Convention Bureau:** Creada o 24/11/2008, con sé social provisional na Praza do Rei N° 2. A achega ao capital fundacional foi de 6.000 euros, que representa un 16,67 por 100. As transferencias correntes comprometidas e pagadas para o financiamento a esta fundación no exercicio foron por unha contía de 225.000 euros. Outras transferencias para a xestión de eventos e actividades, 275.000 euros. O seu obxecto social o conforma os estudos turísticos, de opinión, de ocupación, e todo o relacionado coa promoción turística da cidade. No ano 2018, esta fundación pasou a formar parte do perímetro de consolidación.

## 2.- Xestión Indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración.

Nos casos de xestión indirecta nos que a retribución do contratista se perciba directamente por este dos usuarios, o custo efectivo virá determinado polos ingresos derivados das tarifas que aqueles abonen, así como, no seu caso, polas subvencións de cobertura do prezo do servizo que puidesen corresponder á entidade local á que corresponde a titularidade do servizo.

**Concesión Administrativa do Transporte Público Urbano,** o seu obxecto é o transporte de viaxeiros no termo municipal. Prazo do contrato: 25 anos. Data de inicio 01/01/1995 (contrato formalizado o 08/06/1995). Fin do contrato é o 08/06/2020. O contrato foi prorrogado por acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de xuño de 2020 por un prazo de 5 anos. Acordo de continuidade do Servizo, XGL sesión do 30/05/2025, adoptou o acordo de continuidade forzosa do servizo. A adxudicataria da concesión é a mercantil Viguesa de Transportes, SA. Os bens adscritos pola concesionaria ao servizo pasan a titularidade municipal ao remate da concesión, sen prexuízo dos axustes que procedan en función do grado de amortización dos mesmos. Os bens que son obxecto de reversión son: terreos, instalacións e material móbil afecto ao servizo. Recíbese anualmente unha



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 44 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

subvención do Ministerio, a correspondente ao ano 2025 non foi recibida no ano 2025. A súa vez, en aplicación do Rd-lei 1/2025, de 28 de xaneiro, se estableceu a gratuidade para menores de 15 anos, un desconto do 50% para usuarios entre 15-26 anos e un desconto para adultos do 40% en títulos multivíaxe, o Concello recibiu no ano 2025, 1.801.020,01 euros polo primeiro semestre do ano.

A Entidade Local subvenciona parte do billete de determinados colectivos sociais (xubilados, pensionistas, estudantes, persoas con discapacidade, bono social, e outros), así como unha parte do billete ordinario a través da PASSVIGO. Os gastos totais imputables ao orzamento do ano 2025 para subvencionar o custe destes colectivos e do servizo ao Hospital Alvaro Cunqueiro e ao Campus Universitario Chan da Lagoa, foi de 19.167.896,77 euros.

O servizo se retribúe co prezo aprobado anualmente pola Entidade Local. A subvención Municipal ten por finalidade facerlle fronte á diferenza entre o prezo do billete aprobado e o que se cobra aos usuarios polo uso do servizo segundo o perfil.

Custe do servizo segundo metodoloxía da Orde HAP/2075/2014. No ano 2024 é de 27.005.402,97 euros, ( a información do ano 2025 aínda non foi enviada ao MINHAFP, o prazo é o de outubro do ano 2026, calculada polos ingresos dos usuarios e a subvención do Concello). A Subvención de usos no ano 2025 ten dúas compoñentes, a do Concello e a do MITMA.

Segundo custe de actividade ICAL, no ano 2025, o custe foi de 35.407.901 euros, información deducida da conta de resultados e da avaliación do custe da actividade.

*Os datos salientables desta prestación son:*

Usos de pago no ano 2025, 19.325.573 viaxeiros,

Transbordos: 1.635.307, non xeran ingresos.

Viaxeiros totais: 20.960.880

Servizo regular a risco e ventura: 18.384.098 viaxeiros.

Servizo ao Hospital Alvaro Cunqueiro a prezo quilómetro: 542.981 viaxeiros.

Servizo ao CUVI a prezo quilómetro: 398.494 viaxeiros.

Quilómetros útiles recorridos no ano 2025 : 6.593.663 coa seguinte distribución:

A risco e ventura: 6.022.645 quilómetros.

Hospital A. Cunqueiro: 230.614 quilómetros.

Campus Universitario de Vigo (CUVI): 340.404 quilómetros.

Tarifa 2025: 1,63 euros, IVE engadido.

Memoria Conta Xeral 2025, Tesoreiro Director superior contable e orzamento, Expt: 452/143

45



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 45 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

*Bonificación por perfil 1º semestre*

PASSVIGO normal: pago polo usuario, 0,56 euros, bonificación do MITMA, 0,33 euros, bonificación Concello , 0,74 euros.

PASSVIGO estudante: pago polo usuario, 0,54 euros bonificación do MITMA. 0,32 euros bonificación Concello, 0,77 euros.

PASSVIGO universitario: pago polo usuario 0,42 euros, bonificación do MITMA. 0,26 euros, bonificación Concello 0,6729 euros, UVIGO, 0,2771 euros,

PASSVIGO pensionista 1 e 2:gratuíto usuario, bonificación Concello 1;63

PASSVIGO social, pago polo usuario: 0,46 euros, bonificación do MITMA, 0,28 euros bonificación Concello 0,89 euros

*Bonificación por perfil Segundo semestre*

PASSVIGO normal: pago polo usuario, 0,67 euros, bonificación do MITMA, 0,2240 euros, bonificación Concello 0,7360, euros.

PASSVIGO normal infantil: gratuíta para o usuario, bonificación do MITMA, 1,12 euros, bonificación Concello , 0,51 euros.

PASSVIGO estudante: pago polo usuario, 0,65 euros , bonificación do MITMA. 0,2160 euros , bonificación Concello, 0,7640 euros.

PASSVIGO estudante infantil gratuíta para o usuario, bonificación do MITMA. 1,08 euros , bonificación Concello, 0,55 euros.

PASSVIGO estudante Xove: pago polo usuario, 0,54 euros, bonificación do MITMA. 0,54 euros , bonificación Concello, 0,55 euros.

PASSVIGO universitario: pago polo usuario 0,51 euros, bonificación do MITMA. 0,17 euros, bonificación Concello 0,6729 euros, UVIGO, 0,2771 euros.

PASSVIGO universitario Xove: pago polo usuario 0,43 euros, bonificación do MITMA. 0,42 euros, bonificación Concello 0,5029 euros, UVIGO, 0,27 71 euros.

PASSVIGO pensionista 1 e 2: gratuíto usuario, bonificación Concello 1;63 euros.

PASSVIGO social, pago polo usuario: 0,55 euros, bonificación do MITMA, 0,1840 euros , bonificación Concello 0,8960 euros.

As contas anuais auditadas dá prestadora do servizo están a reflectir unha perda : (ano 2020, perda de 7.880.678 euros, ano 2021, perda de 7.412.762,30 euros, ano 2022, perda de 4.987.532,31 euros, ano 2023, perda de 4.250.812 euros), ano 2024, reflecten a compensación do ano 2022-2023 por unha contía de 11.925.139,97 euros, sendo positivas en 6.410.276 euros despois de impostos.

Do resultado despois de impostos de cada exercicio, hai que deducir a imputación do Fondo de Comercio que non é imputable ao servizo TUC.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 46 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

Pódese concluír, que os ingresos da actividade (tarifa\* nº de usos ) son insuficientes para dar cobertura a estrutura de custes da prestación, que fan que o servizo sexa insostible economicamente, aínda que, a concesionaria ten que asumir o risco operacional tanto da demanda como do subministro que se asocia á xestión indirecta do servizo.

Na actual situación, dende xuño do ano 2025, a prestación está en réxime de prórroga forzosa, o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 30/05/2025 fixa o inicio da súa vixencia o 08/06/2025, fixándose un prazo máximo ata xuño do ano 2027, establece que a prestación farase nas mesmas condicións e termos do contrato anterior.

A data de formación desta memoria, a prestadora do servizo non presentou solicitude de compensación pola prestación, polo diferencial entre os ingresos e os gastos da prestación. O Concello pode forzar a continuidade do servizo de acordo ao previsto no artigo 312 b) da LCSP e artigo 128.1.1ª) do Decreto de 17 de xuño de 1955, aínda que haberá que entender que o Concello ten que dar cobertura ao custe do servizo.

**Servizo de abastecemento e saneamento**, o seu obxecto é a xestión do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de auga así como o seu mantemento. O prazo do contrato é de 25 anos. A data de inicio foi o 1 de xaneiro de 1991, e o remate do contrato foi o 31 de decembro 2015, aínda que o PCAP, prevé a posibilidade de prórroga. Ao abeiro desta prerrogativa, a Xunta de Goberno Local en sesión do 21/11/2011, acordou prestar a súa aprobación á primeira prórroga da concesión administrativa do Servizo por un período de 5 anos, que rexeu até o día 31 de decembro do ano 2020. A Xunta de Goberno Local en sesión do 30 de decembro, aprobou a segunda prórroga por un prazo de 5 anos, até o 31/12/2025. Os bens adscritos ao servizo son a totalidade das redes de abastecemento e saneamento e os edificios de administración. Os custes do servizo no ano 2024 serán incorporados a avaliación do custe da actividade que conforman os apartados 26 e 27 da memoria.

Custe efectivo do ano 2024 segundo metodoloxía da Orde HAP/2075/2014:

Custe abastecemento 29.21.218 euros, metros lineais de rede 1.025.844, vivendas abastecidas 142.742.

Custe da rede de sumidoiros, 10.905.186 euros, metros lineais de rede 1.135.797, unidades conectadas 138.089.

Custe do tratamento de augas residuais, 9.816.650 euros, unidades conectadas 138.089, metros cúbicos tratados 66.887.842.

O custe de actividade aos efectos dos apartados 26 e 27 da memoria para o ano 2025, é de 53.358.161,79 euros.

O servizo retribúese coa prestación patrimonial aprobada anualmente pola Entidade Local. En aplicación DF 12ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, son prestacións patrimoniais de carácter público non tributario.

Como se pode verificar, o sistema de cálculo do custe efectivo é distinto que o de custe de actividade, dando un resultado final algo distinto, resultando maior o custe de actividade, que ten o seu fundamento técnico, nos epígrafes da conta de resultados.



Copia do documento - Concello de Vigo

452-143

Data impresión: 27/04/2026 10:17

Páxina 47 de 146

CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**Xestión do servizo de estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública.** O contrato foi adxudicado a mercantil DORNIER SA, acordo da XGL de 21/12/2017), prazo 10 anos máis dúas prórrogas dun ano cada unha. Os bens afectos ao servizo son as vías públicas que teñen regulado o aparcamento en superficie. Os bens obxecto de reversión son os expendedores de tiquets e vehículos.

**Xestión do servizo público de retirada, inmovilización, depósito e custodia dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública.** O obxecto do contrato correspóndese coa propia definición do mesmo. O Adxudicatario do servizo é SETEX APARKI SA. O prazo da concesión administrativa é de 16 anos. Data de inicio o 01/04/2007, o remate é o 31/03/2023. Con data 31/03/2023, a Xunta de Goberno Local, aprobou a primeira prórroga do contrato. O prezo do contrato no ano 2025 máis atrasos de revisións de prezos foi de 3.826.297,15 euros. O custe de actividade foi avaliado en 5.436.155,55 euros. Os bens obxecto de reversión son os vehículos grúa e as instalacións do depósito.

Con efectos de 9 de marzo de 2018, pola disposición final 12 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, son prestacións patrimoniais de carácter público no tributario.

**Xestión indirecta a totalidade dos aparcamentos soterrados da cidade coa excepción do que está situado no Complexo cultural do Pazo de Congressos que está en xestión directa.** As concesionarias do servizo asumiron ao seu cargo as obras de investimento, e recuperan o seu valor a través da explotación dos mesmos coas tarifas que anualmente aproba a Entidade Local. Todos eles están suxeitos a un canon anual. Os aparcadoiros que nos últimos anos entraron neste réxime de xestión foron os de: Rúa García Barbón, Praza de Portugal, Avda. Castelao e Genaro de la Fuente. Os aparcadoiros de Genaro de la Fuente e Avd. Castelao, foron obxecto de adxudicación en xestión indirecta, a empresa explotadora entrou en concurso de liquidación e o contrato foi resolto en fase de liquidación, polo que, o Concello tivo que indemnizar por distintos conceptos á sociedade liquidada a contía total de: 14.485.900,71 euros. 8.310.863,55 euros no ano 2021 e sentenza posterior con 6.175.037,16 euros no ano 2024 e . A Xunta de Goberno Local, en sesión do 18/10/2018, adxudicou de novo estes aparcadoiros á UTE WELGOOD CARSHARING, SLU E TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, contrato formalizado.

Na actualidade, os aparcadoiros do Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro, pola Sentenza 90/2023, están en nulidade, polo que, haberá que volver a licitar a explotación no transcurso do ano 2026.

**Instalacións de auga e deportivas de Barreiro, a Florida e Navia** (concesión de servizo público), as instalación de Barreiro e a Miñoca, foron adxudicadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23/05/2007 a AQUA-VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, SA. No ano 2013, a Xunta de Goberno Local en sesión do 22/11/2013 adxudicou con este mesmo réxime a CIVISGLOBAL (MQA, NAVIA, SLP), as instalacións do novo centro de auga Navia que entraron en servizo no ano 2015.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 48 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |



### 3.- Bases de presentación das contas.

#### 3.1.) Imaxe fiel

##### a) Requisitos de información

A información que se reflicte na Conta Xeral e demais estados contables, está suxeita aos principios contables públicos. Os principios contables non interfíren no obxectivo de imaxe fiel.

As bases de presentación informan sobre os principios contables públicos aplicados, así como aqueles que por razóns xustificadas non se aplicasen, e a incidencia nas contas anuais que puidesen terse feito, e a explicación das causas que puidesen impedir a comparación homoxénea das contas e estados contables.

##### b) Principios, criterios contables aplicados

Hai determinados principios do PGCPAL do ano 2004, que pasaron a ser tratados no PGCPAL do ano 2013 no marco conceptual: Entidade contable, Rexistro, correlación de ingresos e gastos e prezo de adquisición. Os principios contables que contén o PGCPAL do ano 2013 son os que se relacionan a continuación:

**Principio de entidade contable.** Constitúe entidade contable tanto a Entidade Local como o seu organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións MARCO e Convention Bureau. A consolidación está adaptada á Orde HAC/836/2021, de 9 de xullo, pola que se aproban as normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público local. A consolidación faise nos estados orzamentarios e estados contables que conforman as contas anuais.

Estase facendo para a Liquidación do Orzamento, por Grupo de programas de gastos, Política de gasto e Áreas de gasto. En canto á clasificación económica, desenvólvese a todos os niveis da natureza económica do gasto e ingreso.

A consolidación tamén abarca ao Balance, a Conta de Resultado Económico-Patrimonial, o Remanente de Tesourería e o Resultado orzamentario.

**Principio de xestión continuada.** Non se alterou no transcurso de exercicio ningún principio, non require xustificación algunha por manterse a uniformidade.

**Principio de devengo.** A imputación temporal de ingresos e gastos faise en función da corrente de bens e servizos que os mesmos representan, non no momento en que se produce a corrente monetaria.

**Principio de uniformidade.** Adoptado un criterio contable dos previstos, deberá manterse, salvo causas que xustifiquen un cambio. No transcurso do ano 2025, non houbo cambios de criterios adoptados con anterioridade.

**Principio de prudencia.** Este é un dos principios aplicados con maior rigor: os ingresos contabilízanse cando realmente se producen, atendendo aos actos dos órganos competentes que os motivaron. Os gastos contabilízanse non só cando efectivamente prodúcense, senón cando existe risco previsible (pasivos continxentes e dotacións provisións).



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 49 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

Tendo en conta o anterior, dotáronse provisións para insolvencias por un importe de 38.408.397,12 euros na entidade é 40.033.495,46 euros para o grupo consolidado dos entes con orzamento limitativo. Dotáronse as amortizacións por un importe de 34.275.391,01 euros na Entidade Local. En XMU 46.789,46, estados consolidados con orzamento limitativo, 34.322.180,47 euros nos estados consolidados, e rexistráronse todos os soportes documentais que tiveron a súa entrada no rexistro de contabilidade até o 31 de decembro que tiñan incidencia nos estados e contas anuais. A conta 41310, ten un saldo ao peche do ano 2025 de 1.420.034,69 euros. En relación co anterior, á data do 9 de marzo, están pendentes de pago a contía de 284.018,14 euros, que se corresponden coa tramitación dun REC para o que existe crédito suficiente para a súa tramitación e liquidación final das obras do P. Camilo José Cela. En consecuencia co anterior, os estados e contas anuais recollen todos os feitos contables coñecidos que aconteceron no exercicio, representando os citados estados a imaxe fiel da situación económico-patrimonial e financeira da Entidade Local.

**Principio de non compensación.** Nos casos nos que a Entidade se encontrou con supostos de compensación entre ingresos e gastos, existiu dúas operacións: unha con cargo ao orzamento de gastos e outra no estado de ingresos, dando lugar a un pago e ingreso en formalización, sendo este, xuntamente co principio de prudencia, de devengo e o do prezo de adquisición, o que máis se vixía o seu cumprimento.

**Principio de importancia relativa.** Tanto no rexistro como na aplicación dos feitos contables que se produciron ao longo do exercicio, non se fixo uso deste principio, e naqueles casos nos que puidese existir algunha dúbida sobre a consideración dalgún pequeno gasto en canto a súa cualificación como de investimento ou de gasto corrente, acudiuse aos criterios de vida útil do citado ben, solicitando informe á unidade xestora correspondente da vida estimada do citado elemento en cuestión, sendo este o criterio de cualificación do mesmo.

**Principio de imputación orzamentaria.** Os gastos e ingresos orzamentarios impútanse de acordo coa súa natureza económica, e no caso dos gastos, ademais, de acordo coa finalidade que con eles se pretende conseguir. As obrigas orzamentarias derivadas de adquisicións, obras, servizos, prestacións ou gastos en xeral impútanse ao orzamento do exercicio, coas excepcións establecidas no TRLRFL e Bases de Execución do Orzamento.

**Principio de desafectación.** Con carácter xeral, os ingresos non teñen carácter de afectados, é dicir, os ingresos de carácter orzamentario destínanse a financiar a totalidade dos gastos. Naqueles supostos que os ingresos tivesen a consideración de afectados, realízase un control separado dos mesmos o través dos proxectos de gastos e ingresos, analizando en cada caso a desviación de financiamento, se a houbese, aos efectos do cálculo do Resultado Orzamentario e do Remanente de Tesourería.

O gasto asociado a proxectos con financiamento afectado que xerou axustes aos efectos da regra de gasto foron os seguintes:

- Entidade: 23.192.669,04 euros:
  - FMRR: 2.811.621,32 euros, 9 proxectos.
  - EDUSI: 73.819,79 euros, 2 proxectos.
  - Axente Deputación Pontevedra: 5.500.440,83 euros, 22 proxectos.
  - Axente Comunidade Autónoma: 8.581.961,71 euros, 15 proxectos.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 50 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

- Axente Administración Central: 6.224.825,39 euros, 6 proxectos.
- Xerencia Municipal de Urbanismo: 1.767.980,7 euros.
  - FMRR: 708.694,03 euros, 5 proxectos.
  - Axente Comunidade Autónoma: 837.339,40 euros, 15 proxectos.
  - Axente Administración Central: 221.947,27 euros, 15 proxectos.

O gasto total que foi obxecto de axuste dentro do grupo foi de: 24.960.649,74 euros.

Principios contables non aplicados por interferir no obxectivo da imaxe fiel.

Aplicáronse todos os principios contables.

Principios contables aplicados distintos dos principios contables públicos

Ningún.

### **3.2) Comparación da información**

3.2.a) Explicación das causas que impiden a comparación das contas anuais coas do exercicio precedente

A información é comparable, non hai cambios en relación co ano precedente, coa excepción dos novos estados: Estado de cambios no Patrimonio Neto e o Estado de fluxos de efectivo, así como os cambios xerados polo novo PGCPAL, Orde HAP/1781/2013 .

3.2.b) Explicación da adaptación de contías do exercicio precedente.

Non existe adaptación algunha en relación con exercicio precedente, coas excepcións legais xa comentadas.

### **3.3) Razóns e incidencia nas contas anuais dos cambios de criterio na contabilización**

Non houbo cambios nos criterios de contabilización, polo tanto, sin incidencia nas contas anuais.

### **3.4) Información sobre os cambios en estimacións contables**

Non hai información sobre o apartado, no hai cambios significativos.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 51 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

#### 4.- Normas de recoñecemento e valoración

Teñen como finalidade indicar os criterios tidos en conta no rexistro dos feitos contables, referidos ao inmovilizado, amortizacións, previsións, investimentos financeiros, dereitos e obrigas tanto Orzamentarias como non orzamentarias.

##### 4.1) Inmovilizado Material.

O criterio aplicado é o de custe de adquisición ou de produción, incluíndo no seu custe aqueles gastos que deben ser activados como é o caso da redacción do proxecto, dirección de obra, estudos e gastos de explanación, derruba se fose o caso e demais gastos ata a conclusión da obra ou proxecto concreto.

Non se activan os gastos financeiros que se devenguen ata a finalización da obra ou posta en funcionamento do proxecto ou elemento no caso de que o investimento estea financiado con recursos obtidos no mercado de capitais.

Aplicase un criterio de amortización lineal tendo en conta a vida útil do ben.

O modelo de valoración posterior e o de custe.

Cando se acometen investimentos de mellora activables, a valoración e a de custe.

##### 4.2) Patrimonio Municipal do Solo

Este patrimonio está conformado de forma separada e está a cargo do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, e será a memoria do mesmo o que desenvolva o tratamento dado. Aínda tendo en conta o anterior, os bens que conforman o devandito patrimonio están suxeitos a amortización, coa excepción dos terreos. Non se aplicou sobre os mesmos ningunha correlación valorativa.

##### 4.3) Inversións inmobiliarias

Os bens que teñen a clasificación de investimento inmobiliario distinto das inmovilizacións materiais son os reflectidos na conta 221.

##### 4.4) Inmovilizado inmaterial.

O criterio de valoración é o de custe de adquisición ou de produción, están rexistrados os aplicativos en produción sen amortizar.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 52 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

#### 4.5) Arrendamentos financeiros

No hai contratos deste tipo, tan só os sistemas de renting que afectan ao vehículos da Policía Local, os equipamentos especiais (EPIs) do servizo de extinción de incendios e o de impresoras. Non hai unha transferencia de riscos e vantaxes en relación cos activos obxecto do contrato. Tampouco opción de compra, os medios obxecto do contrato son retirados pola empresa de renting ao remate do prazo do alugueiro, polo que non forman parte dos activos non correntes, dándose o tratamento de gasto orzamentario imputable á conta de resultado económico-patrimonial.

#### 4.6) Permutas

O procedemento de valoración no seu caso é o previsto no PGCAL, valor razoable para o ben recibido e o ben entregado polo valor contable, as diferenzas entre valor razoable teñen o tratamento de subvencións. No ano 2025, non hai permuta de bens. As permutas feitas en anos anteriores, sempre tiveron a condición de activos similares desde o punto de vista funcional, polo que a valoración feita do ben recibido foi polo valor contable do ben entregado, sempre co límite do valor razoable do inmovilizado recibido.

#### 4.7) Activos e Pasivos financeiros.

Para chegar a determinar que tipo de recoñecemento e valoración dos activos, debemos dar resposta inicial a: Que tipo de Activo financeiro é?. Cal é a súa finalidade? e cal é a información dispoñible?.

**Activos.** En canto ao tipos de activos, O Concello ten unha participación minoritaria do 10 por 100 na Empresa de Servizos Mortuorios de Vigo.

Tamén se mantén unha participación minoritaria do 1,37 por 100 no capital da Sociedade Universitaria SA, sendo o importe desta participación de 50.726,25 euros. O obxecto social desta sociedade mercantil é a xestión da cidade universitaria de Vigo.

A finalidade no caso da participación da Empresa de Servizos Mortuorios, inicialmente era a de garantir o mantemento do emprego, cuestión que despois de tantos anos, non parece xustificarse.

En canto á participación na Sociedade Universitaria, o seu obxecto foi impulsar e colaborar no desenvolvemento do Campus Universitario de Vigo.

En ambos casos, deben cualificarse como investimentos en activos financeiros dispoñibles para a súa venda.

A súa valoración é a valor razoable, valor inicial, mantendo o mesmo valor dende a súa adquisición.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 53 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

Dada a súa importancia relativa, non se fan correccións valorativas, o único valor coñecido é o que figura no balance da sociedade, valor contable da participación.

Ningunha das participacións teñen a condición de valores cotizables.

**Pasivos.** Na súa valoración inicial faise polo importe recibido, non hai custe de formalización, o importe formalizado é o mesmo que o recibido. En canto á valoración posterior, aplícase o criterio de custe amortizado, que ao non haber comisión inicial, o tipo de xuro efectivo é o mesmo que o nominal, polo que non xorden xuros implícitos. No caso de existir, a totalidade do endebedamento concertado está sometido a unha cota de amortización constante, polo que o importe que podería figurar no Balance no subgrupo 17, é o que está pendente de amortizar. Neste caso, debemos distinguir o que figura en acredores a longo prazo e o de curto prazo (subgrupo 17 e 52), figurando neste último aquela parte do endebedamento que ten vencemento no ano seguinte ao que corresponde a formación da Conta Xeral, cuxa contía xorde pola reclasificación da débeda de longo prazo en débeda de curto prazo.

Non existe saldo algún nin ao inicio do ano nin ao final, en pasivos de largo prazo, contas 170-179.

No subgrupo 52, tampouco hai débedas de pasivos financeiros a curto prazo.

Nos estados consolidados non hai saldos no subgrupo 17 nin no 52.

#### **4.8) Coberturas Contables**

Non hai instrumentos de coberturas contables. Non hai pasivos financeiros. En canto aos activos financeiros, tal e como se fixo constar no apartado 4.7), a cualificación dos activos financeiros no ten relevancia, un saldo inferior aos 100 mil euros, o cal non representa un risco que deba ser cuberto cun instrumento de cobertura.

#### **4.9) Existencias.**

Non hai existencias ao final do exercicio.

#### **4.10) Activos construídos o adquiridos para outras entidades.**

Non hai activos construídos ou adquiridos para outras entidades.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 54 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

#### 4.11) Transaccións en moeda estranxeira

Non hai transaccións deste tipo.

#### 4.12) Ingresos e gastos.

**Dereitos a cobrar orzamentarios e obrigas Orzamentarias.** Os dereitos valóranse polo importe determinado no acto de liquidación que os xere, tanto os que procedan de ingresos sen contraprestación directa como os que sexan consecuencia de contraprestación de servizos, aproveitamento do dominio público ou realización de actividades. Os que proceden da venda de bens, rexístranse polo prezo acordado.

As obrigas orzamentarias figuran polo importe a satisfacer.

**Compras e outros gastos.** A valoración de bens susceptibles de almacenamento e demais gastos, valóranse polo prezo de adquisición máis os transportes, é dicir, o prezo pagado. Ademais dos anteriores, naqueles casos, nos que o Imposto Sobre o Valor Engadido é un gasto soportado non deducible, o imposto compútase como un gasto, formando parte do prezo de adquisición do ben.

**Vendas e outros ingresos.** Valóranse polo importe dos dereitos de cobro xurdidos como consecuencia do acto de liquidación correspondente. As transferencias e subvencións, tanto correntes como de capital, valóranse pola cantidade concedida ou convenio suscrito. A cesión de tributos do Estado, o Fondo Complementario, a Subvención ao Transporte, a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma cualifícanse como ingresos sen contraído previo, non existen dereitos pendentes de recadar por estes conceptos.

#### 4.13) Provisións e continxencias.

Non se fai dotación para responsabilidades nin continxencias, dando resposta as continxencias que xorden dos procesos xudiciais, case na súa totalidade de actos relacionados co urbanismo ou situacións que se derivan de concurso de acredores por concesionarios de servizos ou obras,, cando se producen os mesmos. En consecuencia, o Fondo de Continxencia xa está previsto para esta finalidade, aínda que non se ven facendo dispoñibilidade do mesmo. Ademais, está o recurso financeiro que conforma o RLTTG dispoñible en cada ano.

En canto as provisións de partidas a cobrar por dereitos liquidados, dótese pola contía tendo en conta os criterios de antigüidade, polo tanto, todos os saldos pendentes de cobramento cunha antigüidade igual ou superior a 4 anos, dótanse ao 100%, as de 3 anos, 95%, 2 anos 90%, 1 ano 85%, para todos os capítulos, coa excepción das que teñen una antigüidade dun ano, que afecta aos capítulos I,II,III e V dos ingresos pendentes de cobro.

#### 4.14) Transferencias e subvencións.

As de carácter monetario, valóranse pola contía recibida. As de carácter non monetario polo valor contable do activo recibido ou valor razoable.

Memoria Conta Xeral 2025, Tesoreiro Director superior contable e orzamento, Expt: 452/143

55



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 55 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

O recoñecemento do Dereito faise cando se produce o ingreso na Tesourería Municipal. Para as dos FMRR, aplícase o mesmo criterio, aínda que tendo en conta o seu carácter neutral aos efectos da Estabilidade Orzamentaria, si a contía dos Dereitos Recoñecidos e Ingresos son distintos das obrigas asociadas ao/s proxectos que financia, tendo en consideración a súa porcentaxe de financiamento, faise un axuste aos efectos do cálculo da Estabilidade Orzamentaria.

As recibidas para o financiamento ou cofinanciamento de activos, tan só se imputan a resultados do ano, aquela parte da mesma que se relacione con gasto, é dicir, se a mesma financia un activo amortizable, pola contía da amortización do ano. Rexístrase o activo con abono ao grupo 9, que se carga contra o subgrupo 13 ao peche do exercicio, imputándose cada ano ao resultado económico patrimonial a parte que corresponda segundo os criterios de imputación, coa excepción que o ben sexa para un uso concesional de dominio.

A este respecto, os saldos da conta 130 na entidade é de 45.084.783 , sendo o saldo ao inicio do ano de 39.635.645,35 euros.

O Saldo na XMU da conta 130, é de 253.282,32 euros.

Consolidados: 39.888.927,67 euros.

Todas as achegas que recibe tanto a Entidade como a Xerencia de Urbanismo, que a súa finalidade sexa transferir fondos a outras entidades, ben por subvencións de arranxo de vivendas ou outros conceptos do capítulo 7 dos orzamentos, a conta contable do ingreso é do capítulo 7, así mesmo, compensada pola conta contable do capítulo 6 do estado de gastos na aplicación orzamentarias.

#### **4.15) Actividades conxuntas.**

No caso da Entidade Local, o criterio para a consolidación de saldos co Organismo Autónomo, é o de integración global, facendo os axustes polas operacións que resulten comúns. En canto ao proceso de homoxeneización, non é necesario, xa que o PGCAL é o mesmo para a Entidade que para o Organismo Autónomo dependente.

As efectos de contas consolidadas, están as contas da Entidade, da XMU das Fundacións: MARCO, CONVENTION BUERAU E LISTE.

Os estados que se presentan consolidados son:

Balance, Conta de Resultados Económico Patrimonial, Estados de cambios no Patrimonio Neto (Estado total de cambios no patrimonio neto, Estado de ingresos e gastos recoñecidos consolidado Transferencias a Conta de Resultado Patrimonial), Estado de fluxos de efectivo, Estado de Liquidación orzamentaria (Presuposto de gastos por capítulos e áreas de gasto, Presuposto de ingresos por capítulo, Resultado Orzamentario), Memoria co contido dos 10 apartados.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 56 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |



#### 4.16) Activos en estado de venta.

Non hai ningún activo que teña esta cualificación no Balance.

#### 5. Inmobilizado material.

As contas do inmobilizado, reflicten a situación dada polo Balance a 31 de decembro de 2025. O servizo encargado do control do patrimonio non depende dos Servizos Económicos. A súa actualización e verificación da súa información cos estados contables anuais non está garantida. As modificacións do inventario non se producen automaticamente desde o punto de vista técnico, é dicir, que cando o gasto alcance a fase de obriga recoñecida, prodúzase a alta no inventario, sen ben esta sería provisional, quedando suxeito o acto a que as variacións do mesmo sexan aprobadas polo órgano competente, previa proposta do servizo responsable (Patrimonio).

No relativo ás amortizacións do inmobilizado, avalíase a información recibida do servizo de Patrimonio, que achegou unha táboa co valor de cada unha das contas e a súa amortización, si este non é coincidente co reflectido no balance ao peche, tómase como base a información do balance.

En canto ás porcentaxes de amortización, estanse a aplicar os tipos fiscais, figurando en cada ficha a valoración a valor razoable, vida útil de cada un dos bens, coeficiente de amortización, amortización acumulada e valor neto contable.

Ao saldo da conta 211, dedúceselle o valor do solo que figura en cada ficha dos bens da Entidade. Unha vez que se deduce o custo do solo calcúlanse as amortizacións imputables ao exercicio.

Cada ben dispón da súa ficha e o seu control, tendo en conta o Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local.

No ano 2025, dotouse amortización polos elementos que están codificados en construcións en curso, xa que non se están pasando ás contas contables de remate dos procesos, polo que, prudencia, aplicouse a porcentaxe correspondente sobre o saldo do balance a 31 de decembro do ano 2025.

É o Servizo de Patrimonio quen ten que subministrar a información para dar de baixa un ben, así como indicar a contía da amortización acumulada asociada ao devandito ben. As dotacións a amortización do ano 2025, foron as seguintes, tomando como referencia, a información do balance:



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 57 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

CARGOS

|       |               |
|-------|---------------|
| 6809  | 454.269,87    |
| 6811  | 5.754.029,93  |
| 6812  | 17.995.466,77 |
| 6813  | 170.618,89    |
| 6814  | 520.094,55    |
| 6815  | 180.902,87    |
| 6816  | 222.759,02    |
| 6817  | 785.778,76    |
| 6818  | 733.743,11    |
| 6819  | 100.557,56    |
| 6821  | 91.967,33     |
| 6812  | 7.265.202,35  |
| Total | 34.275.391,01 |

A (Dotación 2024) ABONOS

|       |               |
|-------|---------------|
| 2809  | 454.269,87    |
| 2811  | 5.754.029,93  |
| 2812  | 17.995.466,77 |
| 2813  | 170.618,89    |
| 2814  | 520.094,55    |
| 2815  | 180.902,87    |
| 2816  | 222.759,02    |
| 2817  | 785.778,76    |
| 2818  | 733.743,11    |
| 2819  | 100.557,56    |
| 2821  | 91.967,33     |
| 2812  | 7.265.202,35  |
| Total | 34.275.391,01 |



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 58 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

En canto ao Patrimonio Público do Solo, é o Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, o que informa sobre este apartado, xa que o seu obxecto social é precisamente a xestión de solo.

### 5.1. Modelo de custe

Achégase estado (G.5.a) MEM05Coste\_13, que reflicte a información relativa ao saldo inicial do subgrupo 21 do PGCPAL, as incorporacións do exercicio e as amortizacións. As columnas de aumentos representan as altas no proceso de regularización, e as diminucións representan as baixas no devandito proceso. A columna de amortizacións ven determinada polas dotacións do ano 2025. O saldo final é o valor dos bens rexistrados na conta menos as amortizacións acumuladas. No devandito estado o Saldo Final = Saldo inicial + entradas + aumentos – saídas - diminucións-amortizacións. O saldo inicial ven determinado polo VNC.

Saldo inicial: 916.040.410,67 euros.

Entradas: 28.724.829,56 euros.

Saídas: 1,00 euros.

Amortizacións do ano: 33.729.153,81 euros.

Saldo final: 911.036.086,42 euros.

A valoración dos activos materias faise tende en conta a valoración inicial máis os investimentos posteriores menos a amortización acumulada, sendo a súa valoración polo tanto o modelo de custe.

### 5.2.- Modelo de revalorización

Non existe inmovilizado material nin circunstancias de mercado que xustifiquen a utilización deste modelo (G.5.b).

## 6.- Patrimonio Público do Solo (G.6.a, G.6.b)

O Patrimonio Público do Solo, non está xestionado pola Entidade Local, o seu inventario e control está a cargo do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo. O criterio que se segue na súa valoración e o Modelo de custe, e teñen o tratamento de recurso afectado aos fins que regula a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 59 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

## 7.- Invetimentos inmobiliarios

Coa recepción do inventario, deuse de alta o importe dos bens que foron obxecto de incorporación ao inventarios. O valor final está no informe:

**G.7.a) Custe\_13.** A diferencia entre saldo inicial e final ven determinado pola amortización anual. No tivo entradas nin saídas, só a depreciación pola amortización.

Saldo inicial: 3.699.006,41 euros.

Entradas: 1.275,73 euros.

Saídas: 0,00 euros.

Amortizacións do ano: 91.967,33 euros.

Saldo final: 3.608.314,81 euros.

Calquera que sexa o tipo de inmoible e o seu destino ou uso, o criterio aplicable é o do modelo de custe.

**G.7.b) Revalorización.** Non existe invetimentos inmobiliarios nin circunstancias de mercado que xustifiquen a utilización do modelo de revalorización.

## 8.- Inmobilizado intanxible.

**8.1. Custe.** O seu saldo correspóndese cos procesos de integración con financiamento FEDER do programa EDUSI e cos desenvolvementos propios, as variacións reflíctense no informe G.8.a), a variación está asociada ao programa de melloras que se está a acometer na administración electrónica e basicamente, ás amortizacións.

As melloras que se fan sobre os aplicativos informáticos, estáselles a aplicar o criterio de gasto do exercicio, non o de activo intanxible.

Saldo inicial: 1.059.442,92 euros.

Entradas: 26.406,12 euros.

Saídas: 0,00 euros.

Amortizacións do ano: 454.269,87 euros.

Saldo final: 631.579,17 euros.

**8.2. Revalorización.** O inmoibilizado intanxible segundo criterio de revalorización, non ten saldo, informe G.8.b).



Copia do documento - Concello de Vigo

452-143

Data impresión: 27/04/2026 10:17

Páxina 60 de 146

CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

### 9.- Arrendamentos financeiros

No hai contratos deste tipo (G.9), tan só os sistemas de renting que afectan ao vehículos da Policía Local, os equipamentos especiais (EPs) do servizo de extinción de incendios e o servizo de impresoras.

Non hai unha transferencia de riscos nin vantaxes en relación cos activos obxecto do contrato. Tampouco opción de compra, os medios obxecto do contrato son retirados pola empresa de renting ao remate do prazo do alugueiro.

### 10.- Activos financeiros

Estado-Informe G.10.1.a). Hai que informar que os mesmos carecen de importancia, tanto os de longo prazo como os de curto prazo. No primeiro caso, a contía total é de 105.607,77 euros, e no segundo caso, 15.626,31 euros en investimentos en patrimonio e 1.509.414,51 euros en créditos a cobrar.

As contías que figuran como activos financeiros, está conformada pola participación do 10 por 100 na Empresa de Servizos Mortuorios. Inicialmente existía unha empresa mixta como forma de xestión indirecta, a partires da liberalización do servizo pola entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 7/1996, de 7 de xuño, transformouse a forma de prestación do servizo, e a Entidade Local quedouse coa porcentaxe de capital citado. A nova forma xurídica créase o 27/09/2001. A participación é consecuencia da transformación da sociedade mercantil, e non supuxo desembolso algún con cargo ao orzamento da Entidade Local.

Tamén se mantén unha participación minoritaria do 1,37 por 100 no capital da Sociedade Universitaria SA, sendo o importe desta participación de 50.726,25 euros. Os importes restantes, son pola participación no capital das Fundacións, como se puxo de manifesto no apartado 1.9) desta Memoria. Hai 620 euros pola participación do Concello no capital de ERTICO-IS-EUROPE.

En canto ás variacións dos investimentos financeiros temporais, ven representado polos saldos das contas 4303 (0,00), 4313 (1.471.073,45), 43303 (0,00), 43903 (0,00) e 544 (543,72). En canto as fianzas e depósitos constituídos, contas 565 (21.898,62 e 566 (15.898,72). Os investimentos financeiros de longo prazo non tiveron variación.

Non hai en consecuencia, reclasificación de longo a curto ou viceversa. Non hai activos en garantía, coa excepción das contías xa consignadas en garantía de alugueiros. Non hai riscos de cambio nin de tipo de xuros.

Non hai variación nos informes G.10.1.d), G.10.3.a), G.10.3.b). Activos financeiros correccións por deterioro de valor. Activos financeiros, risco de tipo de cambio. Activos financeiros, risco tipo de xuro.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 61 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

**11.- Pasivos financeiros.**

O informe que reflicte os Pasivos, informe G.11, coa desagregación dos 11.1.a) 11.1.b) e 11.1.c).

**11.1.a) Débeda a custe amortizado**

Non hai débeda nin ao inicio nin ao peche do exercicio.

**11.1.b) Débedas a valor razoable.**

Non hai débedas con esta valoración.

**11.1.c) Resume de débeda por categorías**

O saldo a longo prazo é o representativo da desagregación da conta (L/P, Contas: 15, 170, 177, 176, 173, 174, 178, 179, 180 e 185. C/P, Contas: 4003 (0,00), 4013 (823.211,44), 4133, 41313(12.853,33), 4183 (359,48), 520, 524, 528, 529 (0,00), 560, 561 (7.307.534,41).

Saldo final: 8.143.958,66 euros C/P.

L/P: 0,00 euros.

**11.2.- Liñas de crédito**

Non existe ningunha liña de crédito, nin operación de tesourería, nin endebedamento a curto prazo dende hai máis de dez anos.

**11.3.a).- Información sobre os riscos de tipo de cambio**

Non existe risco en relación coas operacións, xa que única débeda é a do MINHAC que non está suxeita ningún tipo de xuro.

**11.3.b).- Información sobre os riscos de tipo de xuro**

Non existe risco en relación coas operacións



Copia do documento - Concello de Vigo

452-143

Data impresión: 27/04/2026 10:17

Páxina 62 de 146

CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**11.4.a).- Avals e garantías concedidos**

Non se concederon avals nin garantías durante o ano. En canto ao saldo das mesmas, carece de relevancia, están constituídas fronte a Consorcio da Zona Franca de Vigo para garantir o pago de alugueiros de tres locais. Non houbo avals executados nin reintegrados.

Importe parcial de cada un dos tres avals: 10.000,00 euros, 9.120,00 euros e 2.778,32 euros.

Avals pendentes a 31/12/2025: 21.898,32 euros.

**11.4.a).- Avals e garantías executados**

Ningún no exercicio.

**11.4.a).- Avals e garantías reintegrados**

Ningún no exercicio.

**12.-Coberturas contables**

Con carácter xeral, os instrumentos que se poden designar como instrumentos de cobertura son os derivados cuxo valor razoable ou fluxos de efectivo futuros compensen as variacións no valor razoable ou nos fluxos de efectivo futuros de partidas que cumpran os requisitos para ser cualificadas como partidas cubertas. Non existe ningún contrato de cobertura contable, por non existir débedas bancarias nin de outro tipo.

**13.- Activos construídos ou adquiridos para outras entidades e outras existencias**

Durante o exercicio a conta 370 non tivo movementos, tampouco houbo acordos ou convenios con outras administracións con esta finalidade.

**14.1.-Moeda estranxeira transacción líquidas**

Non houbo transaccións en moeda estranxeira, polo tanto, non hai diferenzas de cambio. Tampouco hai débeda concertada en outra moeda que non sexa euros.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 63 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

**14.1.-Moeda estranxeira transacción vivas ou pendentes de vencemento ao final do exercicio.**

Non existen transaccións vivas ou pendentes en moeda distinta do euro. Tampouco hai nas contas abertas que mantén a Entidade Local nas entidades financeiras, depósitos en moeda distinta do euro.

**15.-Transferencias e Subvencións recibidas****15.1.- Recibidas**

En relación ás transferencias e subvencións recibidas nos estados da entidade, totalizan 141.605.166,60 euros.

Nos estados Consolidados do entes con orzamento limitativo: 141.810.866,60 euros.

Son transferencias e subvencións correntes na Entidade 126.557.027,29 euros e de capital 15.048.139,31 euros.

Son transferencias e subvencións correntes nos estados consolidados 126.762.727,29 euros e de capital 15.048.139,31 euros.

As de maior importancia correspóndense co Fondo Complementario de Financiamento e liquidación definitiva da PTE do ano 2023, por unha contía de 102.787.371,78 euros. Participación nos Tributos da Comunidade Autónoma, polas contías netas de 5.825.698,98 euros.

Outras de menor importancia, Subvención do MITMA ao billete de uso colectivo, 1.801.020,01 euros do 1º semestre do ano 2025. As outorgadas pola Xunta de Galicia para o Plan Concertado (Lei de Dependencia), 8.185.775,27 euros, Fondo adicional para compensar o incremento do tratamento de RSU en SOGAMA, 1.317.862,02 euros, Drogodependencia (CEDRO), 545.429,46 euros, FMRR en relación coa recollida da fraccións separada, 2.042.161,52 euros.

Deputación de Pontevedra, plan de mellora de firmes; 1.971.615,89 euros.

En relación coas de capital, relaciónanse segundo as contías

En resumen, estados consolidados:

**Subvencións e Transferencias Correntes,**

Total: 126.762.727,29 euros.

Da Administración Central, 104.967.831,51 euros.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 64 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |



Da Administración Autonómica, 19.441.580,65 euros, dos que 2.042.161,52 euros son do MRR.

Achega Xunta ao PXOM, XMU, 205.700,00 euros.

Do CCVV, 23.655,04 euros.

Da Deputación Provincial, 1.971.615,89 euros.

Do Concello de Baiona: 1.978,38 euros.

Achegas de entes privados, 100.000,00 euros.

De aproveitamentos fotovoltaicos: 50.365,82 euros.

### **Subvencións de capital,**

Total 15.048.139,31 euros estados consolidados

Administración Central: 3.378.525,18 euros, MITMA Avd. De Madrid, túnel de Lepanto, ADIF

Deputación e Pontevedra, para Infraestrutura viaria e deportiva: 2.934.378,60 euros.

FEDER: 8.375.235,53 euros, dos que son Fondos do MRR, 6.058.906,24 euros e do Programa EDUSI: 2.676.329,29 euros.

O estado-informe G.15.1, reflicte a totalidade das mesmas coa desagregación mensual.

En relación coas subvencións recibidas, polo axente financiador, prodúcese auditorías de subvencións concedidas e ingresadas, que nalgún caso dan lugar a pequenos reintegros en relación co que se considera ou non gasto elixible, que son aplicables ao mesmo concepto no que se rexistrou o Dereito e o Cobro, que pola súa escasa importancia non se relacionan.

En canto as subvencións coa Deputación de Pontevedra, están asociadas a convenios subscritos, que se refiren ao cofinanciamento de infraestruturas viarias, deportivas e de mobilidade. Aos efectos do cálculo de estabilidade orzamentaria, a subvención rexístrase cando se recibe a achega na tesourería municipal. En consecuencia, ningunha das subvencións concedidas teñen a cualificación de pendentes de xustificar.



Copia do documento - Concello de Vigo

452-143

Data impresión: 27/04/2026 10:17

Páxina 65 de 146

CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

## 15.2.- Concedidas

### Estados da Entidade

En canto ás transferencias e subvencións, están relacionadas no estado-informe da Conta Xeral G.15.2, totalizando as obrigas recoñecidas 43.573.743,65 euros nos estados da entidade.

42.548.386,47 euros son subvencións e transferencias correntes e 1.025.357,18 euros son subvencións de capital.

### Estados consolidados.

As subvencións e transferencias concedidas son por unha contía de: 38.732.884,86 euros.

36.393.386,47 euros son de corrente e 2.339.498,39 euros, son de capital

O informe reflicte as obrigas recoñecidas.

Destas, as máis importantes pola súa contía, son as adicadas a subvencionar as políticas de transporte urbano colectivo por unha contía de 19.167.896,77 euros, axudas á contratación e outras de carácter privado, 2.236.976,15 euros, as transferencias de funcionamento ao O.A da Xerencia de Urbanismo, por unha contía de 6.155.000,00 euros, o pagamento das Escolas infantís, centros de día, xantar na casa e outros da Xunta de Galicia 1.163.316,50 euros, transferencias aos entes que conforman o perímetro de consolidación, 1.575.000,00 euros, resto de Fundacións por unha contía de 220.000,00 euros.

Transferencias de funcionamento a Entidade Menor de Bembrive e a MAIV, por unha contía de 319.918,82 euros e 176.386,20 euros respectivamente.

Subvencións Asistencia Social: 4.813.919,49 euros.

Subvencións a emprego 1.614.435,55 euros.

Subvencións educación: 1.352.375,17 euros.

Subvencións culturais: 1.144.699,68 euros.

Subvencións xuventude: 148.676,08 euros.

Subvencións festas: 804.984,30 euros.

Subvencións deportes e uso de instalacións deportivas: 3.464.165,08 euros.

Subvencións de promoción turística e VCB: 798.000,00 euros.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 66 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

Subvención órganos de gobierno (partidos políticos, Diócesis...): 288.155,71 euros.

Convenio FOAMPAS, 642.405,31 euros.

Por grupo de programa as contías foron as seguintes:

| Grupo | Capítulo 4    |               | Capítulo 7   |              |
|-------|---------------|---------------|--------------|--------------|
|       | Entidade      | Consolidado   | Entidade     | Consolidado  |
| 1330  | ,00           |               |              |              |
| 151   | 6.155.000,00  | ,00           | 44.444,00    | 1.358.585,21 |
| 153   | ,00           | ,00           | ,00          | ,00          |
| 231   | 4.813.919,49  | 4.813.919,49  | 34.819,63    | 34.819,63    |
| 241   | 1.614.435,55  | 1.614.435,55  | ,00          | ,00          |
| 311   | 115.151,00    | 115.151,00    |              | ,00          |
| 323   | 608.250,00    | 608.250,00    |              |              |
| 326   | 744.125,17    | 744.125,17    | ,00          | ,00          |
| 333   | 1.360.326,52  | 1.360.326,52  | ,00          | ,00          |
| 334   | 1.167.699,68  | 1.167.699,68  |              | ,00          |
| 336   | 78.650,00     | 78.650,00     | 563.132,23   | 563.132,23   |
| 337   | 148.676,08    | 148.676,08    |              |              |
| 338   | 804.984,30    | 804.984,30    | ,00          | ,00          |
| 341   | 3.464.165,08  | 3.464.165,08  |              | ,00          |
| 342   | ,00           | ,00           | 129.175,22   | 129.175,22   |
| 431   | ,00           | ,00           |              |              |
| 432   | 848.000,00    | 848.000,00    | ,00          | ,00          |
| 441   | 19.167.896,77 | 19.167.896,77 |              | ,00          |
| 912   | 288.155,71    | 288.155,71    |              | ,00          |
| 924   | 672.646,10    | 672.646,10    | 253.786,10   | 253.786,10   |
| 942   | 496.305,02    | 496.305,02    |              | ,00          |
| Total | 42.548.386,47 | 36.393.386,47 | 1.025.357,18 | 2.339.498,39 |



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/04/2026 10:17

Páxina 67 de 146

452-143

CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

## 16.- Provisións e continxencias

Non hai dotación para responsabilidades nin continxencias. Para dar resposta as continxencias que xorden dos procesos xudiciais, dótase orzamentariamente no capítulo V do estado de gastos o Fondo de Continxencia para esta finalidade, aínda que non se ven facendo dispoñibilidade do mesmo. Así mesmo, con cargo ao superávit anual ou se fose o caso, con cargo ao RLTX, se concorren as circunstancias de aplicación, pódese destinar á finalidade de facer fronte as continxencias que poidan xurdir cada ano. Calquera eventualidade extraordinaria non prevista, tería aplicación no superávit anual, polo tanto, non suporía alteración no cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria nin de regra de gasto.

Non existen procesos que en aplicación do principio de prudencia, aconsellen a dotación de provisións para tal finalidade, non supoñendo alteración na conta de resultado económico patrimonial nin na imaxe fiel dos estados contables.

As únicas provisións que se fan son as correspondentes a Conta 6983, correspondente á dotación para insolvencias.

## 17.- Información sobre o medio ambiente

### • Normativa

Mapa estratéxico de ruído do Concello de Vigo 2007. O obxectivo é que satisfaga os requisitos do Anexo V do RD 1513/2005 como resumo do contido do Plan de Acción de Ruído do Municipio de Vigo realizado polo Concello.

Revisión do mapa estratéxico de ruído 2013. O artigo 16 da Lei 37/2003, de 17 de novembro do ruído, establece que "os mapas de ruído haberán de revisarse e, no seu caso, modificarse cada cinco anos a partir da data da súa aprobación". A Xunta de Goberno Local en sesión do 08/08/2013 aprobou definitivamente a revisión do mapa estratéxico de ruído do Axuntamento de Vigo.

O Plan de Acción contra o ruído no Concello de Vigo ten por obxecto reflectir as medidas a adoptar e as accións a desenvolver para mitigar os niveis de ruído aos que está exposta a poboación do Concello de Vigo de forma global, detectados no mapa estratéxico do ruído aprobado.

En cumprimento da citada normativa, a Xunta de Goberno Local en sesión do 23/11/2009, aprobou o Plan de acción contra o Ruído.

Revisión do Plan de acción contra o ruído, ano 2013.

O artigo 24 da Lei 37/2003 o 17 de novembro, do ruído, obriga a revisar o plan de acción cada cinco anos.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 68 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

A Xunta de Goberno Local en sesión do 14 de novembro de 2014, aprobou definitivamente a revisión do Plan de acción contra o ruído do Concello de Vigo.

Calidade do Aire - Tempo real. Fanse medicións de variables como: SO<sub>2</sub>, NON, NON<sub>2</sub>, CO, O<sub>3</sub>, PM<sub>10</sub>, PM<sub>25</sub>, RUI.

- **Lexislación ambiental**

Ordenanza Municipal do Medio Ambiente do Concello de Vigo, aprobada polo Pleno de la Corporación el 26/05/1994 e publicada no BOP nº 200, de 18/10/1994.

Ordenanza Municipal de Protección do medio ambiente atmosférico.

Ordenanza Municipal reguladora dos vertidos non domésticos de augas residuais.

Ordenanza Municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Ordenanza Municipal reguladora da instalación de contedores na vía pública.

Ordenanza Municipal de zonas naturais e espazos verdes.

Ordenanza Municipal de protección contra radiación ionizantes, transporte e almacenamento de material radioactivo.

Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida por ruídos e vibracións, aprobada en sesión ordinaria de 25 de febreiro de 2008 (BOP nº 69 de fecha 10 de abril de 2008).

Nova ordenanza de iluminación (+ sustentabilidade, + eficiencia, + aforro).

Regulamento Municipal das instalacións de alumeados público, Pleno do 31/03/2006

Declaración de Zonas Acusticamente Saturadas (ZAS) e o protocolo de actuacións en ditas zonas, aprobada polo Pleno en sesión do 25 de febreiro de 2008 (BOP nº 69 de fecha 10 de abril de 2008).

Ordenanza municipal sobre enerxía solar.

Ordenanza reguladora de convivencia cidadá e ocio.

Ordenanza Municipal reguladora do uso e goce das praias, Pleno do 28/04/2021.

Actualización ordenanza de residuos por adaptación á Lei 7/2022 de residuos e chans contaminantes para unha economía circular.

Zona de Baixas Emisións ZBE, que afecta a zonas de Colón, Praza de Compostela, Praza de Portugal, Bouzas, Calvario, se prevé a súa

Regulamento de VigoNature.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 69 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

- **Outras accións**

Campaña municipal de recollida de aceites domésticos usados "Recoller o aceite é coidar o Medio Ambiente.

Posta en valor das zonas húmidas de Vigo que "convertemos nunha referencia".

Medidas de vixilancia continua para evitar verteduras ao Río Lagares.

- **Impulso de enerxías renovables**

Proxectos piloto de enerxía solar (térmicas e fotovoltaicas).

Proxectos piloto de enerxía eólica (uso en iluminación pública).

Xestión enerxética da iluminación.

Mapa lumínico (medicións de toda a cidade).

Plan de eficiencia enerxética (axuste potencia, lámpadas, apagados selectivos,...).

Telecontrol e inventario (regulación automática, sensores,...).

Plan integral de aforro enerxético.

Semáforos led (substitución de lentes de semáforos a led).

Fontes intelixentes (anemómetros, sensores e iluminación led, ...)

Túneles (sensores de luminosidade, mellora de consumo en bombas e ventilación).

Iluminación (substitución lámpadas máis eficientes e sistemas de reg. Automática).

Eficiencia enerxética de edificios.

Auditoría enerxética completa de edificios públicos.

Proxecto europeo "life green city" (xestión en tempo real do consumo de enerxía).

Plan de aforro enerxético en edificios e vivendas (fomento de eficiencia enerxética).

Novo plan de mellora de eficiencia enerxética con financiamento con cargo ao superávit 2017.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 70 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

- **Abastecemento**

Regulamento xeral de abastecemento e saneamento.

Automatización do sistema de abastecemento (telecontrol, control en tempo real,...).

Sistema de xestión de fugas intelixente (sistema de sensores con envío de sms).

Aforro no consumo.

Rega intelixente, fontes con sensor de vento e nivel. Plan de aforro baldeos.

Uso eficiente en edificios municipais e campañas de sensibilización .

Na actualidade aprobouse o PERTE de auga, que permitirá unha dixitalización total do ciclo da auga.

- **Plan Municipal de mobilidade urbano sostible da cidade (PMUS) 2025**

- **Sensibilización ambiental** (programa hortos escolares, campaña aforro auga,...).

- **Nova planta de depuración**, Capacidade inicial de tratamento de 147.000 m<sup>3</sup> ao día, poboación obxectivo 800.000 habitantes.

Esta instalación incorpora tecnoloxías avanzadas no tratamento de augas residuais para facer fronte ás necesidades ambientais, reducir ao máximo o espazo e dotar ás instalacións dunha maior flexibilidade fronte ás variacións de caudal.

A instalación aproveitará o biogás para a xeración de enerxía eléctrica, coa que se cubrirá o 36 % do seu consumo total.

- **Nova planta de potabilización.**

- **Nova zona de baixas emisións, remate no ano 2025.**

- **Outras acción relacionadas co medio ambiente.**

El Concello de Vigo foi seleccionado por Resolución da entidade pública empresarial red.es pola que se resolve a concesión de axudas do plan nacional de territorios intelixentes da axenda dixital para España pilotos de edificios intelixentes. Está a rematar un plan en edificios que vai a posibilitar que estes ofrezan datos continuos de eficiencia, temperatura, calidade do aire, etc, o proxecto ten unha dotación de 5.000.000,00 euros.

Seleccionáronse 172 edificios como nodos positivos na súa área de influencia con repercusión global, e cuxa localización e distribución fíxose de acordo co principio de equidade.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 71 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

Os usos definidos no proxecto integran un conxunto de parámetros capaces de dotar á autoridade municipal de Vigo dos indicadores que permitan manter o compromiso adquirido de modernización e mellora continua da cidade e da calidade de vida nun coñecemento compartido, posibilitando os obxectivos: Avaliación da calidade de vida da cidadáns. Detección de fugas na rede pública de auga. Analítica de mercadorías en contorna portuaria para conseguir a trazabilidade da última milla. Mapas de calidade do aire en exteriores. Mapas de radiación solar e electromagnética. Detección instantánea da calidade da auga. Mapas e informes meteorolóxicos. Análise intelixente do consumo en edificios. Detección de picos de consumo non xustificados e bonificación para usuarios concienciados. Calidade lumínica. Xestión dinámica de transporte urbano, etc.

- **Orzamento municipal de medio ambiente**

En relación coas obrigas recoñecidas polas políticas de medio ambiente, as mesmas totalizan no ano 13.623.786,35 euros (1.270.589,88 euros no capítulo 1, 11.485.657,63 euros no capítulo 2) e 867.538,84 euros no capítulo 6).

Os programas que reflicten as obrigas son os seguintes: 1710, 1720, 1721.

- **Beneficios fiscais medioambientais**

En canto aos beneficios fiscais relacionados co medio ambiente, merecen especial consideración os aprobados no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, cunha bonificación pola utilización de carburantes non contaminantes. Outra bonificación é a aplicada ao Imposto sobre Construcións Instalacións e Obras, para aquelas cuxo proxecto contempla un aproveitamento do aforro enerxético.

A contía total destes beneficios é por unha contía de 208.744,34 euros para o IVTM en aplicación dos artigos 95.6.a) e b) do TRLRFL.

Para o ICIO, as bonificacións son de 539.860,82 euros en aplicación dos artigos 103.2.a) e b) do TRLRFL.

- **Contratación, medidas medioambientais**

En relación co consumo eléctrico do alumado público, o contrato vixente ten incorporado un plan de renovación de todas a lampas, mediante a substitución do sistema actual por outras de baixo consumo, que non so supón unha redución de máis do 30 por 100 no consumo, senón que se destacan pola redución de emisións que xeran a contaminación lumínica, contaminación propia e característica dos países mais desenvolvidos.

Tamén se están aplicando medidas de redución do contaminantes "clásicos" como SO<sub>2</sub>, óxidos de nitróxeno, partículas, etc, aumentando os espazos peonís, que nos últimos anos multiplicouse con medidas, plans e programas de humanización, ampliación de beirarrúas, aumento da superficie arbórea, máis parques públicos, redución da velocidade do tráfico rodado no centro da cidade, etc.

Estase a acometer un plan de renovación de sistemas lumínicos que teñen por obxectivo a mellora na eficiencia enerxética.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 72 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |



Foméntanse políticas de axudas a empresa automobilística da cidade para a implantación do coche eléctrico.

Por último, tamén se están aplicando medidas de protección do medio ambiente en relación cos procedementos de contratación administrativa regulamentados no artigo 127 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, de 8 de novembro.

O gasto de subministro eléctrico (22100) tendo en conta o gasto dos OO.AA absorbidos e a XMU, é dicir, o gasto consolidado, foi de 6.112.187,96 euros, un 31,8% menos que no ano 2024. En relación coas políticas de aforro, séguese co plan de cambio das luminarias substituíndose por leds e o axuste en tarifas.

En canto ao gasto en gas e carburantes (22102 e 22103), no ano 2025, o gasto foi de 195.575,95 euros e 341.104,06 euros respectivamente, inferior que o gasto de anos precedentes

As medidas de eficiencia e os cambios que se están a incorporar nos consumos, a novas luminarias e tarifas están a dar o resultado esperado medioambiental, aínda que tamén está a cooperar o menor prezo tanto da enerxía como dos combustibles.

### 18.-Activos en Estado de Venta

A Conta 380, non ten ningún activo que teña esta cualificación no Balance. Tampouco hai previsión algunha de venta de bens patrimoniais, non hai un plan ou programa para a procura de compradores ou de aplicación deses recursos e moito menos a prazo curto.

### 19.-Presentación por actividades da conta de resultado económico-patrimonial

Preséntase a conta por actividades atendendo aos criterios de ingresos de xestión ordinaria, os financeiros e outros ingresos.

En canto aos gastos, estase á clasificación de gastos orzamentarios por programas de gastos e gastos non orzamentarios.

En canto aos gastos orzamentarios, quedan reflectidas as obrigas que se corresponden coas contas contables do subgrupo 64, gastos de persoal, as do 65 de transferencias e subvencións e as 62, 63, 669 e 678, polos subministros e servizos exteriores, tributos e gastos excepcionais. Representa o gasto dos capítulos 1, 2, 3, 4 e 7, co axuste do gastos pendentes de aplicar ao orzamento. No ano corrente, é gasto orzamentario o saldo pendente de imputar do ano anterior, polo tanto, computa como gasto de actividade, mentres que non é gasto na contabilidade financeira, que xa o foi no ano anterior. Así mesmo, no ano actual, non é gasto en contabilidade orzamentaria o gasto pendente de imputar do ano, e si o é na contabilidade financeira.

En resume, é gasto orzamentario todo aquel que ten asociado unha partida orzamentaria.

Contabilidade financeira: contas 62, 63, 64, 65, 669 e 678: 261.608.213,46 euros.

Presentación da conta por actividades, gasto orzamentario: 261.608.213,46 euros.

Memoria Conta Xeral 2025, Tesoreiro Director superior contable e orzamento, Expt: 452/143

73



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 73 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

En relación cos ingresos, reflíctense os Dereitos recoñecidos netos dos capítulos 1 ao 7, sempre cando sexan ingresos imputables (contas contables).

Como gastos non orzamentarios está conformado por todas as operacións que non teñen asociada unha partida orzamentaria:

- As dotacións a amortizacións, contas desagregadas 681 e 682, por unha contía de 34.275.391,01 euros.
- Os de dotación a saldos de dubidoso cobro rexistrados na Conta 6983 por unha contía de 38.408.397,12 euros, menos as aplicadas por unha contía de 36.596.338,42 e euros, computando 1.812.058,7 euros.
- O total de gasto non orzamentario imputable é de 36.087.449,71 euros.

O criterio de reparto dos gastos non orzamentarios entre os distintos programas de gasto, é o de proporcionalidade, é dicir, atendendo ao peso que cada programa de gasto ten no gasto total obxecto de cómputo.

O gasto orzamentario imputable é por unha contía de 261.608.213,46 euros, o non orzamentario por 36.087.449,71 euros, cun total de 297.695.663,17 euros.

O estado 19 fai unha diferenciación entre ingresos de xestión ordinaria, os financeiros e outros ingresos.

- Ingresos de xestión ordinaria: 323.593.919,45 euros (Contas e subgrupos):  
70, 71, 72, 73, 74, 174.454.784,03 euros  
750, 751, 752, 754, 776, 777, 780, 781, 782, 783, 784, 149.139.135,42 euros.  
794, 795, 753 6940, 7530, 0,00 euros.
- Ingresos financeiros por 3.188.157,25 euros.  
76, 4.111.822,34 euros .  
755, 756, 785, 786, 787, 788, 789, 796, 797, 798, menos 667 (923.665,09 euros ).
- Outros ingresos por unha contía de 64.857,00 euros.  
770, 771, 772, 773, 774, 775, 778, 790, 791, 792, 793, 799, 64.857 euros.  
67, 0,00 euros.  
75311, 7948, 0,00 euros.
- O resultado anual é por unha contía de 29.151.270,53 euros.

A estrutura do estado da cumprimento ao previsto na Orde HAP/1781/2013 e o seu resultado é coincidente co estado global da Conta de Resultado Económico-Patrimonial (CREP).

Memoria Conta Xeral 2025, Tesoreiro Director superior contable e orzamento, Expt: 452/143

74



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 74 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

## 20.-Operacións por administración de recursos por conta doutros entes públicos (ROE)

Estase realizando a xestión e recadación de recursos por conta dá Excm. Deputación Provincial de Pontevedra en relación co recargo provincial do Imposto sobre Actividades Económicas.

Os estados que reflicten a situación das operacións, axústanse ao previsto na Instrución de contabilidade.

Os ingresos da recadación traspásanse no ano seguinte ao da súa recadación, xa que o período voluntario de cobro do Imposto, remata o 5 de novembro, e a información sobre o ingreso das cotas domiciliadas, tendo en conta que as Entidades Financeiras están a facer a aplicación do artigo 34.1 da Lei 16/2009 aos tributos locais, non fan a liquidación até que transcorra o prazo do oito semanas.

### 20.1.- Obrigas derivadas da xestión

A situación inicial era dun saldo de 1.383.596,67 euros, sendo a recadación líquida do ano por unha contía de 1.423.940,54 euros, habéndose feito pagos a Excm. Deputación por 1.423.940,54 euros, sendo o saldo ao peche do ano de 1.451.045,09 euros, saldo que está reflectido na Conta 453.

O ingreso á Deputación faise no primeiro cuadrimestre do ano.

### 20.2.- Contas correntes en efectivo

A situación das contas correntes en efectivo, reflicte os pagos feitos a Excm. Deputación por entregas a conta, situación que se reflicte na conta 456. A Entidade non fai entregas a conta, senón que produce unha liquidación definitiva.

### 20.3.- Desenvolvemento da xestión

- **Resumo. 3.a)-** Os dereitos pendentes de cobro ao inicio do ano reflectidos na conta 452, son por unha contía de 246.552,93 euros.

Os dereitos recoñecidos no ano son por 1.484.771,56 euros. Os dereitos anulados reflectidos nas contas: 4510, 4513 e 4519, son por unha contía de 40.044,52 euros.

Os dereitos cancelados reflectidos na conta 4581, son por 0,00 euros. Os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro que reflicte a conta 452,son por unha contía de 252.260,08 euros. A recadación neta foi de 1.451.045,09 euros.

- **Dereitos anulados. 3.b)-** Os dereitos anulados reflectidos nas contas: 4510, 4513 e 4519, son por unha contía de 40.044,52 euros, dos que 38.048,56 euros son por anulacións de liquidacións e 1.995,66 euros, son por devolución de ingresos.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 75 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

- **Dereitos cancelados. 3.c)-** Os dereitos cancelados reflectidos na conta 4581, son por unha contía de 0,00 euros.
- **Devolución de ingresos. 3.d)-** O seu saldo inicial era de 0 euros, o saldo total foi por 1.995,66 euros, conta 454, dos que pagáronse a totalidade, non existindo saldo ao peche na conta 455.

## 21.- Operacións non orzamentarias

Estes estados reflicten a información relativa aos debedores, acredores non orzamentarios, partidas pendentes de aplicación de pagamentos e cobros, poñendo de manifesto a situación ao comezo do exercicio, as modificacións, os cargos e abonos e o saldo pendente ao peche do ano.

### Entidade matriz:

- **Debedores. G.21.1)-** Saldo inicial 1.117.139,57 euros, cargos 213.330,87 euros, abonos 213.386,81 euros, saldo final 1.117.083,63 euros.
- **Acredores. G.21.2)-** Os saldos acredores non teñen variación significativa, pasando dos 27.894.267,76 euros de inicio do exercicio aos 17.141.497,31 euros de saldo final. Os abonos do exercicio foron por 30.732.322,79 euros e os cargos por 41.485.093,24 euros. Non existe saldo ou rexistro de especial consideración que mereza a pena explicitalos, os máis importantes son os que recollen as retencións do IRPF do mes de decembro e a cota da seguridade social, xa que esta é traspasada dende o orzamento á conta da Seguridade Social Acredora, ROE, outros saldos relevantes, son os dos ingresos duplicados, xestión de recursos doutros entes e fianzas e depósitos, estes últimos, os máis relevantes.
- **Partidas pendentes de aplicación de cobros. G.21.3.a)-** Quedaron pendentes de aplicar 4.559.299,68 euros, que é o que figura no estado do Remanente de Tesourería, o saldo era de 3.895.251,91 euros. Tendo en conta os cobros orzamentarios do orzamento corrente e pechados feitos no ano por unha contía de 330.492.953,65 euros na Entidade e 334.725.829,26 euros nos estados consolidados dos entes con orzamento limitativo, o pendente de aplicación representa un 1,38 por 100 da totalidade dos cobros.
- **Pagamentos pendentes de aplicación. G.21.3.b)-** En canto ao pendente de aplicación de pagamentos, hai un saldo inicial por 219.087,60 euros na conta 55503, e un saldo final de 219.031,21 euros.

En canto aos movementos do período, hai un saldo inicial na conta 55503, concepto 41000 por unha contía de 219.087,60 euros, que foi regularizado no primeiro trimestre do ano 2025. En canto ao saldo final por unha contía de 219.031,21, tamén foi regularizado no primeiro trimestre do ano.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/04/2026 10:17

Páxina 76 de 146

452-143

CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Estados consolidados dos entes con orzamento limitativo:

- **Debedores:** 1.147.506,38 euros.
- **Acredores:** 18.135.228,99 euros.
- **Partidas pendentes de aplicación de cobros:** 4.942.427,65 euros.
- **Pagamentos pendentes de aplicación:** 219.031,21 euros.

22.- Contratación administrativa

Información da área de Contratación

|                        | Procedemento aberto |               |            |              |           |               | Procedemento restrinxido |         |            |         |           |         | Procedemento con negociación |         |               |              |           |              | Harmonizado      |        | total         |  |
|------------------------|---------------------|---------------|------------|--------------|-----------|---------------|--------------------------|---------|------------|---------|-----------|---------|------------------------------|---------|---------------|--------------|-----------|--------------|------------------|--------|---------------|--|
| Tipo contrato          | multicriterio       | Importe       | Crt. Único | Importe      | n.º total | Importe       | multicriterio            | Importe | Crt. Único | Importe | n.º total | Importe | C/publicidade                | Importe | s/publicidade | Importe      | n.º total | Importe      | N.º harmonizados | Número | Importe       |  |
|                        | nº                  |               | nº         |              |           |               |                          |         |            |         |           |         |                              |         | nº            |              |           |              |                  |        |               |  |
| Obras                  | 19,00               | 56.257.856,12 | 1,00       | 64.136,30    | 20,00     | 56.321.992,42 |                          |         |            |         |           |         |                              |         |               |              |           |              | 3,00             | 20,00  | 56.321.992,42 |  |
| Concesión de obras     | 0,00                |               | 0,00       |              | 0,00      | 0,00          |                          |         |            |         |           |         |                              |         |               |              |           |              | 0,00             | 0,00   | 0,00          |  |
| Subministro            | 12,00               | 2.530.053,89  | 21,00      | 692.023,62   | 33,00     | 3.222.077,51  |                          |         |            |         |           |         |                              |         |               |              |           |              | 6,00             | 33,00  | 3.222.077,51  |  |
| Concesión de servizos  | 0,00                |               | 0,00       |              | 0,00      | 0,00          |                          |         |            |         |           |         |                              |         |               |              |           |              | 0,00             | 0,00   | 0,00          |  |
| Servizos               | 46,00               | 16.286.481,35 | 10,00      | 208.941,00   | 56,00     | 16.495.422,35 |                          |         |            |         |           |         |                              |         |               |              |           |              | 21,00            | 56,00  | 16.495.422,35 |  |
| Mixtos                 | 4,00                | 1.700.218,07  | 2,00       | 271.031,97   | 6,00      | 1.971.250,04  |                          |         |            |         |           |         |                              |         |               |              |           |              | 4,00             | 6,00   | 1.971.250,04  |  |
| Administrat. especiais | 0,00                |               | 0,00       |              | 0,00      | 0,00          |                          |         |            |         |           |         |                              |         |               |              |           |              | 0,00             | 0,00   | 0,00          |  |
| Contratos privados     | 1,00                | 41.477,42     | 0,00       | 0,00         | 1,00      | 41.477,42     |                          |         |            |         |           |         |                              | 17,00   | 3.457.462,58  |              | 17,00     | 3.457.462,58 | 0,00             | 18,00  | 3.498.940,00  |  |
| Patrimoniais           | 16,00               | 825.000,00    | 0,00       | 0,00         | 16,00     | 825.000,00    |                          |         |            |         |           |         |                              |         |               |              |           |              | 0,00             | 16,00  | 825.000,00    |  |
| Total                  | 98,00               | 77.641.086,85 | 34,00      | 1.236.132,89 | 132,00    | 78.877.219,74 |                          |         |            |         |           |         |                              |         | 17,00         | 3.457.462,58 | 17,00     | 3.457.462,58 | 34,00            | 149,00 | 82.334.682,32 |  |

Información do cadro de mando

CONTRATACIÓN MAIOR

| Indicador | TIPO DE CONTRATO |               |              |             |              | PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN |               |                 |                  |               |
|-----------|------------------|---------------|--------------|-------------|--------------|------------------------------|---------------|-----------------|------------------|---------------|
|           | Obras            | Servizo       | Suministro   | Patrimonial | Privado      | Total                        | Aberto        | Ab.simplificado | Neg.S/Publicidad | Total         |
| Número    | 22               | 69            | 28           | 6           | 19           | 144                          | 97            | 28              | 19               | 144           |
| %         | 15,28%           | 47,92%        | 19,44%       | 4,17%       | 13,19%       | 100,00%                      | 67,36%        | 19,44%          | 13,19%           | 100,00%       |
| Importe   | 13.961.711,00    | 57.419.522,59 | 2.224.438,24 | 825.000,00  | 3.577.462,78 | 78.008.134,61                | 73.854.358,62 | 576.313,21      | 3.577.462,78     | 78.008.134,61 |
| %         | 17,90%           | 73,61%        | 2,85%        | 1,06%       | 4,59%        | 100,00%                      | 94,68%        | 0,74%           | 4,59%            | 100,00%       |



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 77 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

O total de contratos FORMALIZADOS foi de 149.

Importe total: 82.334.682,32 euros.

Obras: 20, importe: 56.321.992,42 euros.

Subministros: 33, importe: 3.222.077,51 euros.

Servizos: 56, importe: 16.495.422,35 euros.

Mixtos: 6, importe 1.971.250,04 euros.

Privados: 18, importe 3.498.940,00 euros.

Patrimoniais: 16, importe 825.000,00 euros.

Por procedemento aberto: 132.

Porcentaxe: 88,59%.

Contía: 78.877.219,74 euros.

Porcentaxe: 95,80% do gasto.

Negociados sen publicidade: 17.

Porcentaxe: 11,41%.

Contía: 3.457.462,58 euros.

Porcentaxe: 4,2% do gasto.

98 foron avaliados con multicriterio e 34 con criterio único.

Houbo 17 procedementos negociados sen publicidade, contratos privados, que quedaron xustificados en relación co previsto no artigo 168.a), por dereitos de exclusividade. Ningún procedemento restrinxido nin diálogo competitivo.

Con carácter xeral o procedemento utilizado é o aberto con multicriterio, que representa o 65,77 % da totalidade dos procedementos FORMALIZADOS no ano 2025.

En relación cos negociados sen publicidade, o peso maioritario son contratos privados de contratación de artistas e os de patrocinio ao amparo do previsto na Lei 34/1998, de 11 de novembro, Xeral de Publicidade.

En relación cos contratos, faise a aclaración de formalizados, xa que os adxudicados foron por unha contía superior.

Memoria Conta Xeral 2025, Tesoreiro Director superior contable e orzamento, Expt: 452/143

78



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 78 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

# CONTRATACIÓN MENOR

| Ano  | Número | G.compromt c/IVE | % G.Compro  |
|------|--------|------------------|-------------|
|      |        |                  | Sobre 2 y 6 |
| 2019 | 2.509  | 12.042.217,98    | 7,09 %      |
| 2020 | 1.831  | 8.929.898,41     | 5,59 %      |
| 2021 | 1.805  | 9.014.094,90     | 4,37 %      |
| 2022 | 1.515  | 8.305.303,25     | 3,77 %      |
| 2023 | 1.362  | 7.747.359,76     | 3,36 %      |
| 2024 | 1.403  | 8.261.533,24     | 3,87 %      |
| 2025 | 1.436  | 8.390.793,37     | 4,03 %      |

| Ano  | Obras  |              | Servizos |              | Subministros |              |
|------|--------|--------------|----------|--------------|--------------|--------------|
|      | Numero | Importe      | Numero   | Importe      | Numero       | Importe      |
| 2019 | 84     | 1.257.440,19 | 1.842    | 8.725.176,93 | 583          | 2.059.600,86 |
| 2020 | 80     | 948.322,02   | 1.212    | 5.971.525,10 | 531          | 1.989.355,59 |
| 2021 | 107    | 1.197.278,51 | 1.218    | 6.152.487,74 | 480          | 1.664.328,65 |
| 2022 | 82     | 980.317,62   | 1.030    | 5.760.694,30 | 403          | 1.522.340,83 |
| 2023 | 100    | 1.367.019,49 | 863      | 4.932.655,03 | 399          | 1.626.332,17 |
| 2024 | 125    | 1.841.316,65 | 900      | 4.812.833,58 | 378          | 1.607.383,01 |
| 2025 | 114    | 1.755.315,00 | 928      | 5.179.308,18 | 394          | 1.456.170,19 |

A contía da contratación menor está a supoñer un 4% do gasto comprometido nos capítulos 2 e 6. Con carácter xeral, o número de contratos e importe total, estase a reducir.

Os contratos menores foron comunicados en data ao Tribunal de Contas.

## 23.- Valores recibidos en depósito

A variación no estado é representativa, pasa dunha situación inicial de 82.611.879,5 euros a 89.514.253,23 euros, sendo os depósitos recibidos de 11.441.297,64 euros e os cancelados por 4.538.923,97 euros, conceptos 70200, 70201.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 79 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

A información dos valores do Concello son ao final do ano de 77.529.090,90 euros e os valores de urbanismo son por 11.985.162,33 euros.

## 24.- Información orzamentaria

### 24.1.- Exercicio corrente

#### 24.1.1.- Orzamento de gastos

**a) Modificacións de crédito. G.24.1.1.a)-** A variación entre os estados iniciais e definitivos é cuantitativamente importante, xa que as modificacións orzamentarias en saldos netos representan un 29,85 por 100 na Entidade Local, e un 34,90 por 100 nos estados consolidados con respecto aos créditos iniciais, sendo a contía total das modificacións tramitadas e aprobadas de 98.084.309,22 euros e 116.791.213,08 euros respectivamente.

Modificacións orzamentarias por contía na Entidade e no Organismo Autónomo XMU.

Créditos Extraordinarios na Entidade por 54.589.532,11 euros, e 6.715.000 euros na XMU.

Suplementos de crédito na Entidade por 11.152.700,00 euros.

Incorporación de remanentes na Entidade por 21.245.873,80 euros e na XMU por 10.774.414,48 euros.

Créditos xerados por ingresos, por 11.096.203,31 euros na Entidade e 1.217.489,38 na XMU.

Estados consolidados

Incorporación de remanentes de crédito: 32.020.288,28 euros

Créditos extraordinarios: 61.304.532,11 euros.

Suplementos de crédito: 11.152.700,00 euros.

Créditos xerados por ingresos: 12.313.692,69 euros.

**b) Remanentes de crédito. G.24.1.1.b)-** Conforme ao disposto no art. 98 do RD 500/1990 os remanentes de crédito están constituídos polos saldos de créditos definitivos non afectados o cumprimento de obrigacións recoñecidas.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 80 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |



Integrarán os remanentes de crédito os seguintes compoñentes:

- a) Os saldos de disposicións, están determinados pola diferenza entre os gastos dispostos ou comprometidos e as obrigas recoñecidas.
- b) Os saldos de autorizacións, son a diferenza entre os gastos autorizados e os gastos comprometidos.
- c) Os saldos de crédito, representan a suma dos créditos dispoñibles, créditos non dispoñibles e créditos retidos pendentes de utilizar.

Da información que conforma o estado de Liquidación, dedúcense as seguintes magnitudes para os estados consolidados e para o Concello:

- Saldos de disposicións Entidade (1): 33.144.722,83 euros.
- Saldos de disposicións E. Consolidados con Orzamento limitativo (a): 33.469.857,39 euros.
- Saldos de autorizacións Entidade (2): 2.851.553,38 euros,
- Saldos de autorizacións E. Consolidados con Orzamento limitativo (b): 2.851.553,38 euros.
- Saldos de crédito retido Entidade (3): 14.536.101,82 euros,
- Saldos de crédito retido E. Consolidados con Orzamento limitativo (c): 22.904.141,47 euros.
- Saldos de crédito Dispoñible Entidade (4): 85.741.751,76 euros,
- Saldos de crédito Dispoñible E. Consolidados con Orzamento limitativo (d): 93.899.990,90 euros.
- Remanentes de crédito Entidade (5) = (1+2+3+4): 136.274.129,79 euros,
- Remanentes de crédito E. Consolidados con Orzamento limitativo (e) = (a+b+c+d): 153.125.543,14 euros.
- Remanentes de crédito comprometidos Entidade (6) = (1): 33.144.722,83 euros,
- Remanentes de crédito comprometidos E. Consolidados (f) = (a). 33.469.857,39 euros.
- Remanentes de crédito non comprometidos Entidade (7) = (5-6): 103.129.406,96ros.
- Remanentes de crédito non comprometidos E. Consolidados con Orzamento limitativo (g) = (e-f): 119.655.685,75 euros.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 81 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

## Resume

| REMANENTES DE CREDITO |                |               |                |
|-----------------------|----------------|---------------|----------------|
| Situación             | ENTIDADE       | XMU           | CONSOLIDADO    |
| Saldos A (A-D)        | 2.851.553,38   | ,00           | 2.851.553,38   |
| Saldos D (D-O)        | 33.144.722,83  | 325.134,56    | 33.469.857,39  |
| SaldoRC (RC-AD)       | 14.536.101,82  | 8.368.039,65  | 22.904.141,47  |
| Disponible            | 85.741.751,76  | 8.158.239,14  | 93.899.990,90  |
| R.Total               | 136.274.129,79 | 16.851.413,35 | 153.125.543,14 |

**24.1.2.- Orzamento de ingresos corrente.**

G.24.1.2.a).- Proceso de xestión

**G.24.1.2.a.1).-Dereitos anulados.-** A contía dos dereitos totais anulados de 4.794.247,98 euros, coa seguinte desagregación:

- Por anulacións de liquidacións: 704.006,05euros.
- Por devolución de ingresos: 4.090.241,93 euros.
- Por aprazamentos e fraccionamentos: 0,00 euros.

No caso das devolucións de ingresos, a contía máis importante é a que corresponde a devolución por reintegro de FMRR por unha contía 3.000.000,00 euros

**G.24.1.2.a.2).- Dereitos cancelados.-** Por insolvencias total é de 917.374,90 euros, outras causas, 0,00 euros.

**G.24.1.2.a.3.- Recadación Neta.-** A recadación neta foi por unha contía de 322.515.123,31 euros, sendo a bruta de 326.605.365,24 euros, e a devolución de ingresos por unha contía de 4.090.241,93 euros.

G.24.1.2.b).- Devolucións de ingreso.

O estado-informe G.24.1.2.b, reflicte a situación inicial, cargos abonos e situación final.

Saldo inicial 1.080,63 euros,

devolucións recoñecidas no exercicio: 4.095.663,12 euros,

pagadas: 4.090.241,93 euros,

Memoria Conta Xeral 2025, Tesoreiro Director superior contable e orzamento, Expt: 452/143

82



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 82 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                  |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                  |

saldo pendente de pago ao final do ano: 6.501.82 euros.

En relación co saldo final, non ten relevancia, aínda así, e necesario avaliar certos saldos que non teñen movemento durante os últimos anos.

Estados consolidados. Devolución de ingresos pendentes a 31/12/2025: 6.682,29 euros.

G.24.1.2.c).- Compromisos de ingresos

Non hai contía ningunha rexistrada, estado ou informe G.24.1.2.c.

## **24.2.- Exercicios pechados**

### **G.24.2.1.- Obrigas de orzamentos pechados Entidade e estados consolidados con orzamento limitativo.**

2. Determinación do custo directo, desagregado por elementos do gasto.
3. Cálculo da porcentaxe que representa cada actividade respecto do gasto total da entidade e respecto do seu centro de custo.
4. Asignación dos custos indirectos mediante o criterio proporcional.
5. Obtención do custo total da actividade ou servizo.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 107 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

6. No seu caso, incorporación de ingresos asociados (taxas, prezos públicos, achegas doutras administracións) para determinar a cobertura do custo.

Esta metodoloxía aplícase, por exemplo, ao Servizo de Alumeado Público e ao Servizo de Benestar Social, incluíndo as súas subactividades (Axuda no Fogar, RISGA, Teleasistencia, etc.), segundo o detalle recollido no documento técnico de análise.

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS CUSTES DAS ACTIVIDADES ANALIZADAS RELATIVAS O ANO 2025

Para o cálculo dos custos das actividades incluídas nas notas 26 e 27 da Memoria da Conta Xeral, o primeiro paso consiste na identificación e desagregación dos centros de custo, de acordo coa estrutura funcional establecida no orzamento de gastos municipal.

Unha vez definidos os centros de custo, procédese á determinación das actividades finalistas, entendidas como unidades operativas ás que se lles imputarán os recursos consumidos. Cada actividade pode estar vinculada a un ou varios centros de custo, e, de igual modo, un centro de custo pode dar soporte a unha ou varias actividades finalistas.

Para que un órgano ou unidade administrativa poida ser considerado centro de custo, debe reunir as seguintes características:

- Constituír unha unidade orgánica diferenciada dentro da estrutura municipal;
- realizar funcións ou prestacións específicas, claramente delimitadas;
- dispoñer dun responsable identificado no organigrama do Concello, encargado da súa xestión e control operativo.

A definición das actividades realízase atendendo ao conxunto de actuacións orientadas á prestación dun servizo ou resultado administrativo perfectamente identificable, significativo e susceptible de medición, tanto en termos de volume de actividade como de recursos consumidos.

Este enfoque permite unha asignación rigorosa dos custos, garantindo a trazabilidade dos recursos empregados e facilitando a avaliación da eficiencia e eficacia dos servizos municipais.

Para o cálculo do custo das distintas actividades, diferéncianse dous grandes bloques: custos directos e custos indirectos.

### 1. Custos directos

Enténdense como aqueles custos imputables a cada actividade de maneira inmediata e específica, procedentes dun ou varios centros de custo. Detállanse a continuación os seus elementos:



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 108 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

### 1.1. Custos de persoal

Obtéñense a partir dos datos do orzamento de gastos do programa correspondente, incorporando todos os conceptos retributivos que conforman este custo (retribucións básicas, antigüidade, complemento específico, complemento de destino, cotizacións á Seguridade Social). As horas extraordinarias e gratificacións determínanse conforme ao informe emitido polo Servizo de Persoal. A distribución deste custo entre as actividades vinculadas ao centro correspondente realízase en función do tempo de dedicación asignado a cada unha delas.

### 1.2. Servizos exteriores

Imputación directa das partidas orzamentarias do capítulo 2 asociadas especificamente a cada actividade.

### 1.3. Tributos

Inclúense os tributos estatais e autonómicos directamente relacionados coa actividade correspondente.

### 1.4. Custos calculados

Recóllese neste apartado a amortización anual dos bens mobles e inmoables. Dado que non existe unha asignación individualizada dos bens por actividade ou centro, emprégase un criterio de reparto proporcional: calcúlase un coeficiente resultante da relación entre o gasto da actividade e o gasto total da entidade, aplicando sobre a cota total de amortización rexistrada na contabilidade que para o exercicio 2025 ascende a 33.975.391,00 euros.

### 1.5. Custos financeiros

Inclúense os gastos derivados de xuros ou outros custos de financiamento atribuíbles ás actividades.

### 1.6. Custos por transferencias

Recóllense as partidas correspondentes aos capítulos 4 e 7 do orzamento de gastos que gardan relación directa coa actividade.

### 1.7. Outros custos

Inclúense neste epígrafe aqueles custos que, sendo directos, non están recollidos nos apartados anteriores.

## 2. Custos indirectos

Recollen os custos de carácter transversal (administración, dirección, servizos xerais, etc.) que deben ser imputados ás actividades mediante un criterio de repartición. Para o seu cálculo utilízase o previsto na Orde HAP/2075/2014, de 6 de novembro, pola que se determinan os criterios de cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais. *“os gastos recollidos nos grupos de programas relativos á Administración Xeral das políticas de gasto imputaranse proporcionalmente a cada grupo de programas atendendo ao seu volume de gasto”.*



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 109 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

En consecuencia, os gastos correspondentes aos programas 9200 a 9209, que no exercicio 2025 ascenden a 16.905.931,54 euros, repártense entre as actividades —desagregados polos seus elementos de custo— en proporción ao volume de gasto de cada actividade respecto do gasto total do Concello.

En base ao exposto anteriormente, procédese á análise das distintas actividades recollidas nas Notas 26 e 27 da Conta Xeral do exercicio 2025:

### **1. Servizo de Alumeado Público**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1650 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 2,21 % do custo total da entidade, cun importe de 8.641.343,27 euros con un descenso do 8,22% respecto a ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os custos de persoal con un 6,62 % e os de servizos exteriores con un 82,90 % do total.

### **2. Servizo de Benestar Social**

Para este servizo empréganse os datos do programa 2310 da liquidación do orzamento de 2025, representando o 6,02 % do custo total da entidade cun importe global de 23.560.890,26 euros. En base o informe técnico do xefe do servizo, desagregase este custo nas seguintes actividades:

#### **2.1. Axuda no Fogar**

Representa o 2,91% do custo total da entidade e o 48,33 % do custo do centro, cun importe de 11.386.821,14 euros. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 11,88 % do persoal do centro, imputándose tamén a totalidade da partida 2310.2279901.

Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 1.400.507,34 euros, acadando unha cobertura do 12,30 % do custo da actividade.

#### **2.2. Programa Socioeducativo e Apoio Familiar**

Representa o 0,32 % do custo da entidade e o 5,28 % do custo do centro, cun importe de 1.244.388,93 euros. Destínase a esta actividade o 6,47 % do persoal do centro e imputándose a totalidade da partida 2260907 do programa 2310.

#### **2.3. Axudas a Familias (alugar, vivenda, alimentos, etc.)**

Representa o 0,53 % do custo da entidade e o 8,85 % do custo do centro, cun custo de 2.085.131,61 euros. Segundo o informe do servizo, adscribese á actividade o 20,50 % do persoal do centro e impútanse integramente as partidas 4800000 e 7800000 do programa 2310.

#### **2.4. Servizo Centro Integral CIIES**

Representa o 0,32 % do custo da entidade e o 5,37 % do custo do centro, ascendendo o importe a 1.266.277,06 euros. Destínase o 1,25 % do persoal do centro e imputase a totalidade da partida 2279913 do programa 2310.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 110 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

**2.5. Servizo de Axudas a Comedores, Becas e Libros**

Representa o 0,66 % do custo da entidade e o 11,02 % do custo do centro, cun importe de 2.596.855,90 euros. Destínase o 10,44 % do persoal do centro e imputase a totalidade da partida 4810000 do programa 2310.

**2.6. Programa Xantar na Casa**

Representa o 0,05 % do custo da entidade e o 0,75 % do custo do centro, cun importe de 176.359,53 euros. Destínase o 1,09 % do persoal do centro e imputase a totalidade da partida 4539000 do programa 2310.

**2.7. Servizo de Información RISGA**

Representa o 0,28 % do custo da entidade e o 4,65 % do custo do centro, cun importe de 1.096.070,30 euros. O servizo destina á actividade o 26,31 % do persoal do centro.

**2.8. Servizo de Información á Dependencia**

Representa o 0,10 % do custo da entidade e o 1,68 % do custo do centro, cun importe de 773.124,07 euros. Destínase o 9,49 % do persoal do centro a esta actividade.

**2.9. Programa Coidadores de Barrio**

Representa o 0,20% do custo da entidade e o 3,28 % do custo do centro, cun importe de 702.692,54 euros. Destínase o 1,25 % do persoal do centro e imputase a totalidade da partida 2279902 do programa 2310.

**2.10. Teleasistencia**

Representa o 0,09 % do custo da entidade e o 1,42 % do custo do centro, cun importe de 334.843,17 euros. Destínase o 4,52 % do persoal do centro e imputase a totalidade da partida 2279911 do programa 2310.

**2.11. Programa Convenio Comedores/Alimentos**

Representa o 0,15 % do custo da entidade e o 2,43 % do custo do centro, cun importe de 572.494,63 euros. Destínase o 1,25 % do persoal do centro e imputase a totalidade das partidas 4890001-4890014 do programa 2310.

**2.12. Programa Cidade Amiga das Persoas Maiores**

Representa o 0,07 % do custo da entidade e o 1,11 % do custo do centro, cun importe total de 261.284,06 euros. O servizo destina o 2,18 % do persoal do centro e imputase a totalidade da partida 2260902 do programa 2310.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 111 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

**2.13. Programa de Emigración**

Representa o 0,02 % do custo da entidade e o 0,39 % do custo do centro, cun importe de 91.663,84 euros. Destínase a esta actividade o 2,18 % do persoal do centro e imputase a totalidade da partida 2279917 do programa 2310.

**2.14. Programa de Formación**

Representa o 0,02 % do custo da entidade e o 0,27 % do custo do centro, cun importe de 62.610,32 euros. Destínase a esta actividade o 0,50 % do persoal do centro e imputase a totalidade da partida 2279914 do programa 2310.

**2.15. Cofinanciamento centros de día**

Representa o 0,11 % do custo da entidade e o 1,75 % do custo do centro, cun importe total de 412.228,82 euros. O servizo destina a totalidade da partida 4510000 do programa 2310.

**2.16. Outros convenios**

Representa o 0,17 % do custo da entidade e o 2,75 % do custo do centro, cun importe de 647.358,49 euros. Destínase a esta actividade o 0,50 % do persoal do centro.

**2.17. Outros servizos de Benestar social**

Representa o 0,04 % do custo da entidade e o 0,67 % do custo do centro, cun importe de 157.876,22 euros. Inclúense o resto dos servizos prestados non incluídos nos epígrafes anteriores.

**3. Servizo de Biblioteca**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3321 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,26 % do custo total da entidade, cun importe de 1.023.598,36 euros e un incremento do 11,90% respecto a ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os custos de persoal con un 34,57 % e os de servizos exteriores con un 54,96 % do total.

**4. Servizo de Cimetérios**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1640 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,35 % do custo total da entidade, cun importe de 1.377.029,69 euros e un incremento do 3,07% respecto a ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os custos de persoal con un 34,57 % e os de servizos exteriores con un 54,96 % do total. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 146.676,70 euros, acadando unha cobertura do 10,65 % do custo da actividade.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 112 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |



### **5. Equipamentos culturais**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3331 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,24 % do custo total da entidade, cun importe de 957.353,70 euros e un incremento do 11,58% respecto a ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os servizos exteriores con un 46,36 % e as transferencias con un 40,77 % do total. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 88.848,85 euros, acadando unha cobertura do 9,28 % do custo da actividade.

### **6. Escola de Artes e Oficios**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3261 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,34% do custo total da entidade, cun importe de 1.320.665,67 euros e un incremento do 20,58% respecto a ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os custos de persoal con un 69,11 % e os de servizos exteriores con un 20,42 % do total.

### **7. Servizo de Educación**

Para este servizo empréganse os datos dos programas 3200,3230,3231 e 3260 da liquidación do orzamento de 2025, representando o 4,90 % do custo total da entidade cun importe global de 19.202.481,52 euros. En base o informe do xefe do servizo, desagregase este custo nas seguintes actividades:

#### **7.1. Mantemento de colexios**

Representa o 2,27% do custo total da entidade e o 46,19 % do custo do centro, cun importe de 8.870.273,36 euros. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 30% do persoal do programa 3200 e a totalidade de persoal do programa 3230, imputándose tamén a totalidade do capítulo 2 do programa 3230 exceptuando as partidas destinadas a escolas infantís, de música e teatro.

#### **7.2. Escolas Infantís**

Representa o 0,83% do custo total da entidade e o 16,94 % do custo do centro, cun importe de 3.252.066,17 euros. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 20% do persoal do programa 3200, imputándose tamén as partidas 3230/2279904 (Lavadores), 3230/2279905 (Navia) , 3230/2279906 (Casco vello), 3230/2279907 (Saíans), 3230/2279908 (Teis), 3230/2279912 (Tomas Alonso), 3230/2279913 (Casiano Martínez), 3230/2279914 (Goldar), 3230/2279915 (Bembrive) e a partida do capítulo 4 3230/4510000. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 270.837,24 euros, acadando unha cobertura do 8,33 % do custo da actividade.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 113 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

### 7.3. Escolas de Musica, Teatro, Danza e Musica Tradicional

Representa o 0,30% do custo total da entidade e o 6,08 % do custo do centro, cun importe de 1.166.960,25 euros. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 5% do persoal do programa 3200, imputándose tamén as partidas 3230/2279902 (Musica), 3230/2279903 (Teatro) , 3260/2279926 ( Danza ) e 3260/2279918 ( M. Tradicional), e a partida do capitulo 4 3230/4510000. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 262.828,34 euros, acadando unha cobertura do 22,52 % do custo da actividade.

### 7.4. Aula UNED

Representa o 0,10% do custo total da entidade e o 2,10 % do custo do centro, cun importe de 402.620,00 euros. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 13% do persoal do programa 3200, imputándose tamén a totalidade das partidas do capitulo II do programa 3231 e a partida 3231.4890000.

### 7.5. Programa de inmersión lingüística

Representa o 1,04% do custo total da entidade e o 21,20 % do custo do centro, cun importe de 4.071.453,05 euros. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 15% do persoal do programa 3200, imputándose tamén a partida 3260/2279917 e a partida 3260.4890010. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 457.280,00 euros, acadando unha cobertura do 11,23 % do custo da actividade.

### 7.6. Outros servizos de educación

Representa o 0,10% do custo total da entidade e o 2,10 % do custo do centro, cun importe de 402.620,00 euros. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 17% do persoal do programa 3200, imputándose tamén a totalidade das partidas do capitulo II do programa 3260 excepto a partida 3260.2279917 e a totalidade das partidas do capitulo IV excepto a partida 3260.4890010.

## 8. Festas populares

*Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3380 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 1,56 % do custo total da entidade, cun importe de 6.116.030,71 euros e unha redución do 3,04% respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 70,64 % e os de Transferencias con un 13,16 % do total. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 436.213,00 euros, acadando unha cobertura do 7,13 % do custo da actividade.*

## 9. Servizo de Seguridade e mobilidade

Para este servizo empréganse os datos do programa 1330 da liquidación do orzamento de 2025, representando o 3,59 % do custo total da entidade cun importe global de 14.062.744,71 euros. En base o informe do xefe do servizo, desagregase este custo nas seguintes actividades:

Memoria Conta Xeral 2025, Tesoreiro Director superior contable e orzamento, Expt: 452/143

114



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 114 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

### 9.1. Grúa municipal

Representa o 1,39% do custo total da entidade e o 38,66 % do custo do centro, cun importe de 5.436.260,19 euros. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 3 % do persoal do centro e tamén se imputan os custos dos policía que acompañan a grúa. Imputase a totalidade da partida 1330/2279901. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 697.811,43 euros, acadando unha cobertura do 12,84 % do custo da actividade.

### 9.2. Red semafórica

Representa o 1,72% do custo total da entidade e o 47,90 % do custo do centro, cun importe de 6.735.781,34 euros. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 19 % do persoal do centro. Imputase a totalidade das partidas 1330/2210000 e 1330/2279903.

### 9.3. Outros servizos de seguridade

Representa o 0,48% do custo total da entidade e o 13,44 % do custo do centro, cun importe de 1.890.703,18 euros. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 78 % do persoal do centro. Imputase a totalidade das partidas do capítulo II excepto as partidas indicadas nos puntos 7,1 e 7,2. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 40.395,50 euros, acadando unha cobertura do 2,14 % do custo da actividade.

## 10. Servizo de Igualdade de Xénero

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 2311 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,44 % do custo total da entidade, cun importe de 1.711.557,57 euros e un incremento do 16,03% respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 36,39 % e os de Transferencias con un 27,62 % do total.

## 11. Instalacións deportivas municipais

Para este servizo empréganse os datos do programa 3420 da liquidación do orzamento de 2025, representando o 2,79 % do custo total da entidade cun importe global de 10.937.326,62 euros. En base o informe do xefe do servizo, desagregase este custo nas seguintes actividades:

### 11.1. Programa escolas deportivas

Representa o 0,24% do custo total da entidade e o 8,60 % do custo do centro, cun importe de 940.338,81 euros. Segundo o informe do servizo, os gastos mais significativos son os de persoal co 21,29% e os de servizos exteriores co 68,24%. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 120.860,87 euros, acadando unha cobertura do 12,85 % do custo da actividade.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 115 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

**11.2. Piscina de Travesas**

Representa o 0,57% do custo total da entidade e o 20,51 % do custo do centro, cun importe de 2.243.375,60 euros. Segundo o informe do servizo, os gastos mais significativos son os de persoal co 2,81% e os de servizos exteriores co 86,71%. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 571.358,79 euros, acadando unha cobertura do 25,47 % do custo da actividade.

**11.3. Piscina de Lavadores**

Representa o 0,36% do custo total da entidade e o 12,99 % do custo do centro, cun importe de 1.421.304,53 euros. Segundo o informe do servizo, os gastos mais significativos son os de persoal co 2,97% e os de servizos exteriores co 86,76%. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 277.080,67 euros, acadando unha cobertura do 19,49 % do custo da actividade.

**11.4. Piscina de Teis**

Representa o 0,28% do custo total da entidade e o 10,08 % do custo do centro, cun importe de 1.102.350,93 euros. Segundo o informe do servizo, os gastos mais significativos son os de persoal co 2,97% e os de servizos exteriores co 86,56%. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 220.688,63 euros, acadando unha cobertura do 20,02 % do custo da actividade.

**11.5. Piscina de Valadares**

Representa o 0,26% do custo total da entidade e o 9,16 % do custo do centro, cun importe de 1.001.584,33 euros. Segundo o informe do servizo, os gastos mais significativos son os de persoal co 2,83% e os de servizos exteriores co 60,21%. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 123.986,32 euros, acadando unha cobertura do 12,38 % do custo da actividade.

**11.6. Ximnasio do Carme**

Representa o 0,12% do custo total da entidade e o 4,47 % do custo do centro, cun importe de 489.299,03 euros. Segundo o informe do servizo, os gastos mais significativos son os de persoal co 29,32% e os de servizos exteriores co 86,70%. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 56.968,61 euros, acadando unha cobertura do 11,64 % do custo da actividade.

**11.7. Ximnasio do Berbés**

Representa o 0,12% do custo total da entidade e o 4,29 % do custo do centro, cun importe de 489.299,03 euros. Segundo o informe do servizo, os gastos mais significativos son os de persoal co 30,49% e os de servizos exteriores co 59,04%. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 37.898,55 euros, acadando unha cobertura do 8,08 % do custo da actividade.

**11.8. Outras Instalación deportivas**

Representa o 0,84% do custo total da entidade e o 29,90 % do custo do centro, cun importe de 3.270.090,09 euros. Segundo o informe do servizo, os gastos mais significativos son os de persoal co 39,92% e os de servizos exteriores co 49,61%. Os ingresos asociados a esta actividade



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 116 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

ascenden a 612.101,92 euros, acadando unha cobertura do 18,72 % do custo da actividade.

## **12. Limpeza viaria.**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1630 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 6,68 % do custo total da entidade, cun importe de 26.138.876,91 euros e un incremento do 10,09% respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 86,52 % e os de persoal con un 3,00 % do total.

## **13. Recollida e tratamento do lixo.**

*Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos dos programas 1621 e 1622 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 9,13 % do custo total da entidade, cun importe de 35.752.507,51 euros e un incremento do 14,47 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 86,52 % e os de persoal con un 3,00 % do total. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 21.123.751,92 euros, acadando unha cobertura do 59,08 % do custo da actividade.*

## **14. Servizo de museos**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3330 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,92 % do custo total da entidade, cun importe de 3.611.404,56 euros e un incremento do 20,54 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 49,22 % e os de transferencias con un 26,86 % do total. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 520,00 euros, acadando unha cobertura do 0,01 % do custo da actividade.

## **15. Servizo de normalización lingüística**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3341 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,05 % do custo total da entidade, cun importe de 213.658,06 euros e un incremento do 20,54 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 66,07 % e os de persoal con un 23,45 % do total.

## **16. Servizo de parques e xardíns**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1710 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 3,11 % do custo total da entidade, cun importe de 12.184.824,40 euros e un incremento do 12,37 % respecto o ano 2024.

Memoria Conta Xeral 2025, Tesoreiro Director superior contable e orzamento, Expt: 452/143

117



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 117 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 80,58 % e os de persoal con un 8,94 % do total.

#### **17. Servizo de vías e obras**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1532 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 3,11 % do custo total da entidade, cun importe de 8.299.866,81 euros e un incremento do 17,69 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 59,87 % e os de persoal con un 29,65 % do total.

#### **18. Servizo de promoción cultural**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3340 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,62 % do custo total da entidade, cun importe de 2.445.262,07 euros e un incremento do 11,40 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 25,52 % e os de transferencias con un 47,75 % do total.

#### **19. Servizo de promoción do deporte**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3410 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 1,13 % do custo total da entidade, cun importe de 4.424.159,43 euros e un incremento do 14,02 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 7,18 % e os de transferencias con un 78,30 % do total.

#### **20. Servizo de protección civil**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1350 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 1,13 % do custo total da entidade, cun importe de 183.357,45 euros e un incremento do 17,80 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 32,85 % e os de persoal con un 56,68 % do total.

#### **21. Servizo de patrimonio histórico**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3360 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,32 % do custo total da entidade, cun importe de 1.240.782,98 euros e un incremento do 15,21 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 46,33 % e os de persoal con un 36,86 % do total.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 118 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

**22. Servizo de policía municipal**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1320 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 6,59 % do custo total da entidade, cun importe de 25.784.547,09 euros e un incremento do 21,22 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 5,14 % e os de persoal con un 84,38 % do total ( non se computan neste servizo o gasto dos policíaas que acompañan a grúa municipal por estar este gasto incluído no servizo de grúa). Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 27.039,90 euros, acadando unha cobertura do 0,10 % do custo da actividade.

**23. Servizo de extinción de incendios**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1360 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 2,67 % do custo total da entidade, cun importe de 10.449.195,34 euros e un incremento do 21,22 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 9,01 % e os de persoal con un 80,52 % do total.

**24. Parque zoológico**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3371 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,41 % do custo total da entidade, cun importe de 1.592.830,11 euros e un incremento do 6,84 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 41,98 % e os de persoal con un 47,55 % do total. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 108.142,90 euros, acadando unha cobertura do 6,79 % do custo da actividade.

**25. Centro de drogodependencia (CEDRO)**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3112 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,41 % do custo total da entidade, cun importe de 1.822.584,27 euros e un incremento do 13,89 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 57,08 % e os de persoal con un 26,13 % do total.

**26. Servizo de laboratorio municipal**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3110 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,09 % do custo total da entidade, cun importe de 345.586,39 euros e un incremento do 17,18 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 27,64 % e os de persoal con un 61,89 % do total. Os ingresos



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 119 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |



asociados a esta actividade ascenden a 4.540,70 euros, acadando unha cobertura do 1,31 % do custo da actividade.

### **27. Servizo de medio ambiente**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1721 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,47 % do custo total da entidade, cun importe de 1.848.116,91 euros e un incremento do 31,40 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 60,59 % e os de persoal con un 28,94 % do total.

### **28. Servizo de emprego**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 2410 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 1,12 % do custo total da entidade, cun importe de 4.392.124,73 euros e unha redución do 2,92 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de transferencias con un 36,76 % e os de persoal con un 42,84 % do total.

### **29. Servizo de sanidade**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3113 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,11 % do custo total da entidade, cun importe de 417.924,21 euros e un incremento do 5,85 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 8,49 % e os de persoal con un 81,04 % do total.

### **30. Servizo de xuventude**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3370 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,33 % do custo total da entidade, cun importe de 1.278.526,29 euros e un incremento do 12,68 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 64,30 % e os de persoal con un 13,60 % do total.

### **31. Servizo de comercio**

*Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos dos programas 4300 e 4310 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 1,16 % do custo total da entidade, cun importe de 4.548.907,24 euros e un incremento do 15,80 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 85,31 % e os de persoal con un 4,21 % do total.*



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 120 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |



### **32. Servizo de turismo**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 4320 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,83 % do custo total da entidade, cun importe de 3.236.036,72 euros e un incremento do 52,84 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 57,14 % e os de transferencias con un 26,20 % do total.

### **33. Servizo de vixilancia de praias**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1720 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,27 % do custo total da entidade, cun importe de 1.066.383,82 euros e un incremento do 20,58 % respecto o ano 2024. O gasto mais significativos deste servizo e o de servizos exteriores con un 87,13 % do total.

### **34. Transporte urbano**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do informe de auditoría referidos a actividade da empresa no termino municipal de Vigo. O custe desta actividade para o ano 2025 ascende a 35.407.901,00 euros .Os gastos mais significativos son os de persoal co 45,07% e os de adquisición de bens e servizos co 35,51 % do total. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 44.169.515,00 euros, acadando unha cobertura do 124,74 % do custo da actividade.

### **35. Abastecemento e saneamento de auga**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos subministrados por a empresa concesionaria referidos a actividade no termino municipal de Vigo. O custe desta actividade para o ano 2025 ascende a 53.358.161,79 euros . Os gastos mais significativos son os de persoal e os de adquisición de bens e servizos co 14,29% e o 52,77 % do total respectivamente. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 52.714.157,52 euros, acadando unha cobertura do 98,79 % do custo da actividade.

### **36. Instalacións deportivas (concesións de AQA e MQA)**

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do informe de auditoría referidos a actividade da empresa no termino municipal de Vigo. O custe desta actividade para o ano 2025 ascende a 53.358.161,79 euros . Os gastos mais significativos son os de persoal e os de adquisición de bens e servizos co 14,29% e o 52,77 % do total respectivamente. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 6.555.808,16 euros, acadando unha cobertura do 105,41 % do custo da actividade.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 121 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

### **Utilidade dos resultados obtidos**

O sistema de custes permite á entidade:

- Coñecer o custo completo de cada servizo.
- Avaliar a súa eficiencia comparando exercicios e establecendo indicadores.
- Fixar taxas ou prezos públicos con fundamento económico.
- Analizar a suficiencia financeira e o grao de cobertura dos servizos.
- Mellorar a planificación e priorización do gasto público.
- Facilitar a rendición de contas e cumprir co principio de transparencia.

### **Conclusiones**

A implantación do sistema de avaliación de custos proporciona unha ferramenta de xestión esencial para a administración local, permitindo unha visión integral do custo real dos servizos municipais.

O sistema descrito cumpre coa normativa vixente, resulta operativo, verificable e garante unha asignación racional dos custos directos e indirectos ás actividades municipais.

Os resultados obtidos constitúen un soporte obxectivo e rigoroso para a toma de decisións estratéxicas, a avaliación da eficiencia e o reforzo da transparencia na xestión pública.

#### **26.1.- Resumo xeral de custes da Entidade.**

Este informe avalía os custes totais dos distintos elementos (custe de persoal, Adquisicións, Servizos exteriores, Tributos, custes financeiros, custes de transferencias e outros, así como a súa porcentaxe en relación co total. O custe total é maior co custe orzamentario, inclúense amortizacións, dotacións a saldos de dubidoso cobro, gastos pendentes de aplicar ao orzamento.

#### **26.2.- Resume de custe por elementos das actividades.**

Tendo en conta os distintos elementos de custe, avalíase por actividade o custe directo, indirecto e a porcentaxe que representa cada elemento do custe.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 122 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

### 26.3.- Resumo do custe por actividade.

Este informe amosa o custe total por actividade, que ven a ser a suma do custes de todos os elementos que conforma a mesma, ademais, tamén informa sobre a porcentaxe sobre o custe total que representa cada actividade.

### 26.4.- Resumo relacionando custes e ingresos das actividades.

Este informe enfronta o custe total da actividade co ingreso xerado pola mesma, amosando a porcentaxe de cobertura. É un informe moi representativo xa que avalía o déficit xeral dos servizos que se prestan á colectividade. Non ten en conta as subvencións recibidas, tan só o pago ou copago feito polos usuarios.

### 27.- Indicadores de xestión.

Os indicadores afectan a 37 servizos.

O Plan Xeral de Contabilidade Pública aprobado por Orde EHA/1037/2010, de 13 de abril, establece na súa terceira parte, relativa ás contas anuais, a necesidade de incorporar na Memoria información relativa aos custes por actividades e indicadores de xestión co obxectivo de «mellorar a calidade da información contable no sector Público».

Os informes que se obterán neste apartado da memoria son os seguintes:

- Indicadores de eficacia.
- Indicadores de eficiencia.
- Indicadores de economía.
- Indicadores de medios de produción.

Por último, é necesario recordar, que a formación destes indicadores é obrigatoria tal e como reflicte o apartado 27 da estrutura da memoria da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local para a rendición da Conta.

Os indicadores que conforman a Conta Xeral do ano 2025, son suficientes para que aquelas autoridades políticas ou responsables de área,

Ademais, forma parte dos estados que conforman a Conta Xeral, os indicadores esixibles no apartado 25 da memoria.

A memoria do ano 2025, incorpora un importante avance na desagregación de custes por actividades, reflectindo 66 actividades, e na medida que se vaia profundando na análise de custes, se irán desagregando prestacións, sendo un dos obxectivos máis inmediatos, continuar coa desagregación dos servizos de instalacións deportivas e culturais.

Memoria Conta Xeral 2025, Tesoreiro Director superior contable e orzamento, Expt: 452/143

123



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 123 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

| Programa | Servizo                                           |
|----------|---------------------------------------------------|
| 1320     | Policia Local                                     |
| 1330     | Grúa Municipal                                    |
| 1330     | Rede semaforica                                   |
| 1330     | Servizos de seguridade outros servizos            |
| 1350     | Protección Civil                                  |
| 1360     | Servizo Extinción Incendios                       |
| 1532     | Pavimentación Vías Públicas                       |
| 1621-2   | Recollida e tratamento RSU                        |
| 1630     | Limpeza Varia                                     |
| 1640     | Mantemento cemiterios Municipais                  |
| 1650     | Alumeado Público                                  |
| 1610     | Abastecemento-saneamento                          |
| 1710     | Servizo de Xardins                                |
| 1720     | Servizo de medio ambiente                         |
| 1720     | Vixilancia e salvamento en praias                 |
| 2310     | Programa cuidadores de barrio                     |
| 2310     | Programa Socio educativo                          |
| 2310     | Centros de día                                    |
| 2310     | Axuda no fogar                                    |
| 2310     | RISGA                                             |
| 2310     | Centro integral CIES                              |
| 2310     | Cidade Amiga dos Maiores                          |
| 2310     | Inmigración                                       |
| 2310     | Teleasistencia                                    |
| 2310     | Xantar na Casa                                    |
| 2310     | Becas de comedor e libros                         |
| 2310     | Dependencia                                       |
| 2310     | Axudas a familias                                 |
| 2310     | Programa de Formación                             |
| 2310     | Outros convenios                                  |
| 2310     | Outros Servizos                                   |
| 2310     | Convenios comedores sociais                       |
| 2311     | Igualdade de xénero                               |
| 2410     | Servizos de emprego                               |
| 3110     | Laboratorio                                       |
| 3112     | Servizo de Cedro                                  |
| 3113     | Sanidade                                          |
| 3231     | Aula UNED                                         |
| 3260     | Programas de inmersión Lingüística                |
| 3260     | Escolas artísticas (Música, Teatro, Danza e Folk) |
| 3261     | EMAO                                              |
| 3230     | Mantemento colexios públicos                      |
| 3230     | Escolas infantis Municipais                       |
| 3230     | Outros servizos de educación                      |
| 3321     | Bibliotecas                                       |
| 3331     | Equipamentos culturais                            |
| 3330     | Servizo de Museos                                 |
| 3340     | Promoción cultural                                |
| 3341     | Servizo de normalización lingüística              |
| 3360     | Servizo de Patrimonio Histórico                   |
| 3371     | VigoNature                                        |
| 3380     | Servizo de festas                                 |
| 3410     | Servizo de promoción do deporte                   |
| 3420     | Piscina de Teis                                   |
| 3420     | Piscina Lavadores                                 |
| 3420     | Piscina Travesas                                  |
| 3420     | Piscina Valadares                                 |
| 3420     | Ximnasio Barbés                                   |
| 3420     | Ximnasio do Carmen                                |
| 3420     | Programa Escolas deportivas                       |
| 3420     | Mantemento outras instalacións                    |
| 3420     | Instalacións deportivas AQA e MQUA                |
| 3370     | Servizos de Xuventude                             |
| 4310     | Servizo de Comercio                               |
| 4320     | Servizo de Turismo                                |
| 4410     | Transporte Urbano Colectivo (TUC)                 |
|          | Outras actividades                                |



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 124 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

**28.- Acontecementos posteriores ao peche.**

Non existen feitos relevantes con posterioridade ó peche que teñan que ter reflexo na memoria.

**30.- Estado de Conciliación Bancaria.**

Axustes de conciliación.

|                                                                                                     |                      |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Estado de tesourería (1):                                                                           | 238.664.430,06 euros |
| Saldo final de contas en formalización (2):                                                         | 0,00 euros           |
| Saldo líquido efectivo (3) = (1)-(2):                                                               | 238.664.430,06 euros |
| Saldo en Caixas (4):                                                                                | 1.210,03 euros       |
| Saldo Contable Bancario (5) = (3)-(4):                                                              | 238.664.430,06 euros |
| Saldo certificado polas Entidades Financeiras (6):                                                  | 238.664.430,06 euros |
| Diferencia (7) = (5)-(6)                                                                            | 0,00 euros           |
| Diferencias:                                                                                        |                      |
| Total axustes en Contabilidade                                                                      | 0,00 euros           |
| Queda polo tanto explicada a conciliación bancaria, habendo un cadre tendo en conta a conciliación. |                      |

**31.-Balance de comprobación****1. Verificación da Partida Dobre**

O obxectivo primordial é confirmar que se respectou o principio de partida dobre. Serve para comprobar que:

- A soma do Debe coincide coa soma do Haber.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 125 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

- A soma dos saldos debedores coincide coa soma dos saldos acredores.

Se estas cifras non cadran, existe un erro técnico na transcripción de asentos ou no traspaso do Libro Diario ao Libro Maior.

## 2. Control da Fluxo Contable

A diferenza doutros estados, este inclúe as sumas totais de movementos. Isto permite ver o volume total de operacións que pasaron por cada conta durante o ano, non só o que queda ao final. É vital para detectar movementos anómalos ou sobredimensionados.

## 3. Garantía da "Imaxe Fiel"

Ao incluírse na Memoria da Conta Xeral, o seu obxectivo é ofrecer transparencia. Permite aos órganos de control (como o Consello de Contas ou o Tribunal de Cuentas) verificar que os estados financeiros finais (Balance e Conta de Resultado Económico-Patrimonial) derivan directamente dunha contabilidade equilibrada e sen erros de cuadre.

## 4. Detección de erros de Clasificación

Permite identificar visualmente saldos con signo contrario á súa natureza (por exemplo, unha conta de caixa con saldo acredor), o que indica un erro no rexistro dunha operación que debe ser corrixido antes de que a Conta Xeral sexa definitiva.

### C.- Conta de resultado económico-patrimonial

No cadro seguinte vaise a reproducir un síntese por fluxos netos da Conta de resultados económico-patrimonial



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 126 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

| (+)/(-) | Clasificación | Concepto                                            | Entidade       | Consolidada O.limitativo |
|---------|---------------|-----------------------------------------------------|----------------|--------------------------|
| (+)     | 1             | Ingresos tributarios e urbanísticos:                | 170.928.226,53 | 172.992.825,17           |
| (+)     | 2             | Transferencias e subvencións recibidas:             | 136.156.028,95 | 136.361.728,95           |
| (+)     | 3             | Ventas e prestacións de servizos:                   | 3.526.557,50   | 3.526.557,50             |
| (+)     | 4             | Variación de existencias:                           | ,00            | ,00                      |
| (+)     | 5             | Traballos para o seu inmovilizado:                  | ,00            | ,00                      |
| (+)     | 6             | Outros ingresos de xestión ordinaria                | 12.983.106,47  | 13.386.716,60            |
| (+)     | 7             | Exceso de provisións:                               | ,00            | ,00                      |
| A       | 1+2+3+4+5+6+7 | INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA                       | 323.593.919,45 | 326.267.828,22           |
| (-)     | 8             | Gastos de persoal:                                  | 62.281.330,07  | 68.436.444,54            |
| (-)     | 9             | Transferencias e subvencións concedidas:            | 43.573.743,65  | 38.732.884,86            |
| (-)     | 10            | Aprovisionamentos:                                  | ,00            | ,00                      |
| (-)     | 11            | Outros gastos de xestión ordinaria                  | 155.306.878,55 | 157.085.292,68           |
| (-)     | 12            | Amortizacións do inmovilizados                      | 34.275.391,01  | 34.322.180,47            |
| B       | 8+9+10+11+12  | GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA                         | 295.437.343,28 | 298.576.802,55           |
| I       |               | Resultado de xestión ordinaria                      | 28.156.576,17  | 27.691.025,67            |
| (+)/(-) | 13            | Deterioro de valor e resultados de venta:           | ,00            | ,00                      |
| (+)     | 14            | Outras partidas non ordinarias                      | 64.857,00      | 64.857,00                |
| II      |               | Resultado de operacións non financeiras             | 28.221.433,17  | 27.755.882,67            |
| (+)     | 15            | Ingresos financeiros                                | 4.111.822,34   | 4.484.742,64             |
| (-)     | 16            | Gastos financeiros                                  | 446.261,19     | 446.261,19               |
| (-)     | 20            | Deterioro de valor, baixas ventas activos e pasivos | 2.735.723,79   | 2.729.622,29             |
| III     |               | Resultado das operacións financeiras                | 929.837,36     | 1.308.859,16             |
| IV      |               | Resultado neto do exercicio                         | 29.151.270,53  | 29.064.741,83            |



**D.- Cambios no patrimonio neto**

- A. PATRIMONIO NETO AO FINAL DO EXERCICIO N-1

I. Patrimonio achegado: Saldo inicial do patrimonio, figura no balance. Conta 100

II. Patrimonio xerado: Saldo Inicial das contas 120, 129.

III. Axustes por cambios de valor. Cando se produzan, é un axuste manual.

IV. Outros incrementos patrimoniais: Saldo inicial das contas: 130, 131, 132.

- B. AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIOS CONTABLES E CORRECCIÓNS DE ERROS.

Son axustes manuais.

- C. PATRIMONIO NETO INICIAL AXUSTADO EXERCICIO N (A+B)

- D. VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO EXERCICIO N

1. Ingresos e gastos recoñecidos:

Columna II. Patrimonio xerado: Resultado económico patrimonial do exercicio, conta 129.

Columna IV. Outros incrementos patrimoniais. Contas do grupo 84\* e 94\*.

2. Operacións coa entidade ou entidades propietarias:

Columna II. Patrimonio xerado: Saldo da conta 101\*

3. Outras variacións do Patrimonio neto:

Columna II. Patrimonio xerado: Saldo final da conta 120, 129, sen ter en conta o resultado económico patrimonial do ano, por figurar no apartado D.1, MENOS saldo inicial da conta 120, 129.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 128 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |



- E. PATRIMONIO NETO AO FINAL DO EXERCICIO N (C+D).

En canto á variación dos estado de gastos e ingresos recoñecidos, está conformado polo resultado do exercicio máis o saldo do subgrupo 94.

As operacións coa entidade ou entidades propietarias, está conformado polas Contas de ingresos: Saldos. 7500, 7510, 7520, 75300, 75310, 7540, 7550 e 7560 e Contas de gasto: Saldos, 6500 e 6510.

#### Entidade

- (1) Patrimonio neto ao final do exercicio n-1: 1.102.939.254,83 euros  
Variacións do ano:
- (2) Por resultado económico-patrimonial: 29.151.270,53 euros.
- (3) Por variacións das Subvencións para financiamento de activos non financeiros: 5.449.137,65 euros.
- (4) Por variacións nas contas de resultados do exercicio e de anteriores entre inicial e final sin ter en conta o resultado do ano: (440.762,74 ) euros.
- (5) = (2)+(3)+(4) Variación total do Patrimonio: 34.159.645,44 euros.
- (6) = (1)+(5) Patrimonio neto ao final do ano: **1.137.098.900,27** euros.

#### Estados consolidados con orzamento limitativo

- Patrimonio neto ao final do exercicio n-1: 1.159.468.548,79 euros.  
Variacións do ano:
- (2) Por resultado económico-patrimonial: 29.064.741,83 euros.
- (3) Por variacións das Subvencións para financiamento de activos non financeiros: 5.449.137,65 euros.
- (4) Por variacións nas contas de resultados do exercicio e de anteriores entre inicial e final sin ter en conta o resultado do ano: (440.762,74 ) euros.
- (5) = (2)+(3)+(4) Variación total do Patrimonio: 34.513.789,48 euros.
- (6) = (1)+(5) Patrimonio neto ao final do ano: **1.193.541.665,53** euros.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 129 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

**E.- Estado de fluxos de efectivo.****I. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN****A) COBROS** (fluxo financeiro de entrada)

- 1.- Ingresos tributarios e ingresos urbanísticos. ( Recadación de corrente e pechados) - (Devolucións de ingresos). Impostos directos, capítulo 1. Impostos indirectos, capítulo 2. Taxas por prestación de servizos e actividades, artigo 30, 31, 32. Taxas por utilización privativa do dominio público, artigo 33. Contribucións especiais, artigo 35. Ingresos por actuacións urbanísticas. Aproveitamentos urbanísticos, conceptos 396 e 397 ).
- 2.- Transferencias e subvencións recibidas. (Recadación de corrente e pechados) - (Devolucións de ingresos). capítulo 4 e 7.
- 3.- Ventas netas e prestación de servizos. Recadación de correntes e pechados - Devolucións de ingresos. Prezos por servizos e actividades públicos, artigo 34.
- 4.- Xestión de recursos recadados por conta doutros entes. Ir a MEMORIA, informe G.20.3.a). Suma Recadación Líquida. Desenvolvemento do proceso de xestión.
- 5.- Intereses e dividendos cobrados. ( Recadación de corrente e pechados) - (Devolucións de ingresos). Ingresos de valores representativos de débeda. Ingresos de créditos. Ingresos de investimentos en entidades do grupo e asociadas), artigos 50, 51 e 53.
- 6.- Outros cobros. ( Recadación de corrente e pechados) - (Devolucións de ingresos). Conceptos ou artigos, 38, 39, 52, 54, 55, 59, 764, 765, 766, 77 e 78. Ademais: ingresos efectuados do informe da MEMORIA G.21.2, Acredores non Orzamentarios, suma de HABER. Menos HABER das contas 560\*, 561\* do mesmo informe. Do informe da MEMORIA G.21.1, Debedores non Orzamentarios, suma de HABER. Menos HABER das contas 565\*,566\* do mesmo informe.

**B) PAGOS**

- 7.- Gastos do persoal. Pagos de corrente e pechados. Artigos 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16).
- 8.- Transferencias e subvencións recibidas. Pagos de corrente e pechados. Subvencións e transferencias outorgadas, todo o 4 e o 7, conceptos 650 e 651.
- 9.- Aprovisionamentos. Pagos de corrente e pechados. Perdas por deterioración de mercadorías, materias primas e aprovisionamentos.
- 10.- Outros gastos de xestión. Pagos de corrente e pechados. Partidas asociadas ás Contas contables: 62\*, 63\* e 676\*. (Servizos exteriores: arrendamentos, canons, reparación e conservación, transporte, prima de seguros, publicidade e propaganda subministracións, comunicacións e

Memoria Conta Xeral 2025, Tesoreiro Director superior contable e orzamento, Expt: 452/143

130



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 130 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

servizos (artigos e conceptos, 20, 21, 220, 221, 222, 223, 224, 226, 227 e 23). Tributos (concepto 225). Perdas de xestión ordinaria. No concepto 226, hai que deducir aqueles que estean asociados a conta 678.

11.- Xestión de recursos recadados por conta doutros entes. Ir a informe da MEMORIA, G.20.1, Operacións por administración de recursos doutros entes Públicos (ROE), Suma de pagos.

12.- Intereses pagos. Pagos de corrente e pechados. Todas as partidas asociadas ao subgrupo contable: 66\* (todo o capítulo 3).

13.- Outros pagos. Pagos de corrente e pechados das partidas 226 asociadas á Conta contable: 678\*. Ademais: suma de CARGOS do informe da MEMORIA G.21.2. Menos CARGOS das contas, 560\* e 561\*do informe da MEMORIA G.21.2, Máis PAGOS EFECTUADOS, CARGOS do informe da MEMORIA G.21.1, menos PAGOS , CARGOS da conta 565\* e 566\* do informe da MEMORIA G.21.1.

## II. FLUXOS DE EFECTIVO DE ACTIVIDADES DE INVERTEMENTO

### C) COBROS

1.- Venda de investimentos reais. Recadación correntes e pechados - Devolucións. Todas as partidas asociadas aos subgrupos contables: 20\*, 21\*, 22\*,e 24\*. Haber (Conceptos de venda de activos non corrente e PMS). Capítulo 6.

2.- Venda de activos financeiros. Recadación correntes e pechados - Devolucións. Contas contables: 25\*, 26\*, 270\*, 275\*, 53\*, 54\*, 565\* e 566. Haber, capítulo 8.

3.- Outros cobros de actividades de investimento. Informe da MEMORIA G.21.1, DNP, Suma DATA. Contas 565\* e 566\*.

### D) PAGOS

4.- Compras de investimentos reais. Pagos de corrente e pechados. Contas contables: 20\*, 21\*, 22\*, 23\* e 24\*. Debe, capítulo 6

5.- Compra de activos financeiros. Pagos de corrente e pechados. Contas contables: 260\*, 261\*, 262\*, 264\*, 270\*, 532\*, 533\*, 537\*, 538\*, 541\*, 542\*, 544\*, 565\*, 566\*, 540\* e 25\*. Debe.

6.- Outros pagos de actividades de investimento. Informe da MEMORIA G.21.1, DNP. Pagos efectuados. Contas: 565\* e 566\*.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/04/2026 10:17

Páxina 131 de 146

452-143

CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

### III. FLUXOS DE EFECTIVO DE ACTIVIDADES DE FINANCIAMIENTO

#### E) Aumentos do Patrimonio

1.- Entregas da entidade ou entidades propietarias: H101-S. Inicial.

#### F) Pagos á entidade ou entidades propietarias.

2.- Devolucións das entregas e repartición de resultados á entidade ou entidades propietarias. Suma Debe da conta 101.

#### G) Cobros por emisión de pasivos financeiros.

3.- Obrigacións e outros valores negociables. Ingresos correntes e pechados - Devolucións. Contas contables: 15\*, 164\*, 50\* e 514\*.

4.- Préstamos recibidos. Ingresos correntes e pechados - Devolucións. Contas contables: 16\*, 17\*, 51\* e 52\*.

5.- Outras débedas. Ingresos correntes e pechados - Devolucións. Contas contables: 165\*, 166\*, 180\*, 185\*, 515\* e 560\*. Ademais, do informe da MEMORIA G.21.2, ANP, ingresos contas 560\*, 561\*.

#### H) Pagos por reembolso de pasivos financeiros.

6.- Obrigas e outros valores negociables. Pagos de corrente e pechados. Contas contables: 15\*, 164\*, 50\* e 514\*.

7.- Préstamos recibidos. Pagos de corrente e pechados. Contas contables: 16\*, 17\*, 51\* e 52\*.

8.- Outras débedas. Pagos de corrente e pechados. Contas contables: 165\*, 166\*, 180\*, 185\*, 515\* e 560\*. Ademais, do informe da MEMORIA, G.21.2, ANP, SUMA CARGO, Contas 560\* e 561\*.

### IV. FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACIÓN

#### I) Cobros pendentes de aplicación. Informe da MEMORIA G.21.3.a). Ingresos efectuados Cargo.

#### J) Pagos pendentes de aplicación. Informe da MEMORIA G.21.3.b). Pagos efectuados Data.



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/04/2026 10:17           | Páxina 132 de 146 |
| 452-143                                                                                                                                                                                          | CSV: A3B2A3-86C35F-8HA83A-8M4RN3-D1PP3G-FD |                   |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |                   |

## V. EFECTO DAS VARIACIÓNS POR TIPOS DE CAMBIO.

## VI. INCREMENTOS/DIMINUCIÓNS NETA DO EFECTIVO E ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES Ao EFECTIVO (I+II+III+IV+V).

Efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo ao comezo do exercicio.

### Entidade

Efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo ao final do exercicio.

|                                                     |                       |
|-----------------------------------------------------|-----------------------|
| •(1) Fluxos netos por actividades de xestión:       | 55.027.027,16 euros.  |
| •(2) Fluxos netos por actividades de investimento:  | -30.553.750,38 euros. |
| •(3) Fluxos netos por actividades de financiamento: | 0,00 euros.           |
